


Recensións
Reviews

GONZÁLEZ REY, M^a Isabel (ed.) (2013): *Phraseodidactic Studies on German as a Foreign Language / Phraseodidaktische Studien zu Deutsch als Fremdsprache*. Hamburg: Verlag Dr. Kovač. ISSN 1614-5550; 138 páxs.



O afianzamento e progreso da fraseoloxía como disciplina científica que ten lugar ao longo das últimas décadas no ámbito europeo da investigación lingüística trae consigo a expansión cara novos horizontes aplicados. De feito, o desenvolvemento epistemolóxico de calquera disciplina parece un feito natural que a unha (necesaria) primeira etapa de preocupación por aspectos teóricos, terminolóxicos, metodolóxicos ou –no caso concreto da fraseoloxía– tipolóxicos e clasificadores, se suceda unha segunda fase de exploración das vías aplicadas. Dentro desta tendencia inaugurada de xeito máis temperán no panorama alemán coas investigacións de Kühn (1984; 1987; 1992; 1994), Wotjak e Richter (1988), Ettinger (1989; 1998), Hessky (1992; 1997), Hessky e Ettinger (1997) ou Lüger (1997)–entre outros traballos e autores– sobre a aplicación didáctica da fraseoloxía

e a praxe lexicográfica con fines didácticos do alemán como lingua estranxeira (*DaF*) inscríbese o volume editado por M^a Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela), no que, baixo o termo aglutinador de *fraseodidáctica* (ao que se acollen máis estritamente as contribucións de Ettinger e Iglesias Iglesias), recóllense tamén traballos orientados á tradución de fraseoloxismos (Geck), a aspectos morfolóxicos (Castro Moreno) e descritivos (Oro Cabanas), e á fraseografía (Strohschen; Mellado Blanco e Dobrovol'skij); e que, ademais, transcenden o alemán para ocuparse adicionalmente do inglés (Oro Cabanas) ou incorporando o ruso (Dobrovol'skij) ou o galego e o catalán (Geck) como linguas de contraste co alemán.

Os oito artigos que compoñen este libroño, publicado pola editorial Dr. Kovač dentro dunha serie titulada “Fremdsprachenunterricht in Forschung und Praxis” (vol. 22), contribúen, segundo destaca a propia editora na súa presentación (páx. 8), a realzar

o valor das expresións idiomáticas no contexto actual da aprendizaxe do alemán como lingua estranxeira e a promover certas pautas didácticas para a súa adecuada incorporación á clase de idiomas, todo isto baixo unha dobre premisa que se estende, case como un fío condutor, ao longo das achegas dos distintos autores: por unha banda, a idea de que a *corrección* (“accuracy”, en palabras de González Rey), “is not only a question of fluency and well-formed expressions but also of the learner’s ability to select the right words in the proper context (the so-called native-like selection, or idiomaticity)” (páx. 9); e, por outra banda, a convicción de que a chamada *competencia fraseolóxica* non ten por que verse relegada aos estadios máis avanzados da aprendizaxe, senón que o coñecemento da fraseoloxía (pasivo, en primeiro termo, pero tamén activo para segundo que clase de unidades) pode e debe potenciarse na aula dende niveis máis temperáns.

Sobre esta última idea inciden de xeito especial os dous primeiros artigos do volume, asinados por Stefan Ettinger (Universidade de Augsburg) e Nely M. Iglesias Iglesias (Universidade de Salamanca), que conforman, á súa vez, un primeiro bloque temático ao redor das condicións xerais e recomendacións para a adquisición das expresións idiomáticas. O artigo inaugural, do profesor Ettinger, artículase ao redor de dúas preguntas nucleares: en primeiro lugar, que unidades da fraseoloxía deben aprenderse, e, en segundo lugar, en que nivel é conveniente facelo. A combinación da dilatada experiencia do autor como aprendiz, primeiro, e profesor, despois, de linguas estranxeiras, e o seu longo camiño como investigador deste campo de estudo son garantía da pertinencia das observacións plasmadas na súa intervención. Así, Ettinger apoia a introdución de certas fórmulas rutineiras dende as fases iniciais, e das colocacións e os sintagmas idiomáticos en estadios secundarios ou de ensino universitario, facendo unha necesaria distinción entre o seu coñecemento pasivo –cuxo límite o establecería a ambición de cada discente en particular– e o seu emprego activo, ao que, non obstante, tan só se prestaría un número limitado de fraseoloxismos (“Phraseme”, como prefere este autor) favorecidos pola súa frecuencia ou dispoñibilidade na lingua, tal e como xa suxeriron para o alemán Hallsteindóttir, Šajánková e Quasthoff (2006) coa súa proposta dun *mínimo ou óptimo fraseolóxico* (“phraseologisches Minimum/Optimum”). A aprendizaxe dos refráns e das paremias, polo xeral, quedaría relegado, en cambio, aos niveis máis avanzados e a un coñecemento exclusivamente pasivo. De calquera maneira, Ettinger insiste na relevancia dunha aprendizaxe autónoma e adaptada ás necesidades particulares de cada discente, introducindo o criterio da *utilidade persoal* (“persönliche Nützlichkeit”) como o único filtro válido para responder adecuadamente ás dúas preguntas que xurdían ao inicio da contribución.

A conclusións moi similares chega a seguinte autora, Nely M. Iglesias Iglesias, que analiza a transmisión da fraseoloxía idiomática dentro dunhas coordenadas didácticas específicas –a clase de alemán como lingua estranxeira de nivel B1 nun contexto de ensino universitario– e a partir da propia experiencia con dous manuais concretos: *Lagune 3 e studio d*. Como Ettinger, Iglesias recomenda potenciar a presenza da fraseoloxía xa neste nivel intermedio de aprendizaxe e facilitar polo menos o seu

coñecemento pasivo. O interesante desta contribución é a proposta do recurso ao cognitivo como estratexia para a recepción das expresións idiomáticas e a posta en relevo da motivación como criterio de absoluta relevancia didáctica. Para Iglesias, a recreación de imaxes propiciadas por certas expresións idiomáticas na lingua de estudo, a súa descodificación e as asociacións e comparacións que poidan xurdir coa propia lingua materna do discente, son condicións favorables ao fomento da competencia metafórica e idiomática do alumno e ao desenvolvemento do que a autora denomina un “Fingerspitzengefühl”, un sentido da intuición necesario e inherente ao proceso de adquisición de calquera lingua estranxeira e que aflora xa, sen dúbida, nese nivel de aprendizaxe.

De diversos aspectos da fraseoloxía contrastiva ocúpase o segundo bloque temático do libro, que abrangue as contribucións de Carmen-Cayetana Castro Moreno (Universidade de Sevilla), Sabine Geck (Universidade de Valladolid) e José Manuel Ouro Cabanas (Universidade de Santiago de Compostela). A primeira delas aborda algunhas cuestións morfolóxicas do alemán que poden caracterizarse como anomalías do sistema, como son, entre outras, a formación do plural mediante o alomorfo –s en determinados préstamos e ata palabras autóctonas do alemán (*Lexikons, PCs, Mädels, Jungs*), ou a creación de compostos a partir de elementos foráneos (*Allroundspieler, teamfähig, nachgoogeln*), fenómenos, en xeral, achacables ao contacto do alemán con outras linguas e, en especial, ao influxo do inglés. A autora suxire algunhas implicacións didácticas destas peculiaridades formais que poden resultar de interese para a clase de alemán como lingua estranxeira, pero que, ao non exceder o limiar monolexical (en ningún dos exemplos propostos), máis que xerar problemas de clasificación, como propón a autora (páx. 47), son de dubidosa adscrición á fraseoloxía.

O traballo Geck é totalmente pertinente para a investigación da fraseoloxía e, concretamente, da súa análise tradutolóxica. Nel, a autora propón unha serie de pautas encamiñadas a respectar o contido metafórico na tradución literaria fundamentadas na análise sistemática e rigorosamente documentada dunha selección de 81 metáforas cognitivas –case sempre asociadas ou encarnadas por fraseoloxismos– extraídas dunha das obras que pertencen ao denominado *canon* da literatura alemá de todos os tempos: *Die Leiden des jungen Werther*. O cotexo dun total de oito traducións máis e menos recentes desta obra ao español, ao catalán e ao galego, por unha banda, e o exame en detalle de ata trece casos organizados ao redor de tres niveis (“unproblematische Fälle”; “Metaphern und Phraseologismen mit gleicher semantischer Basis (Ausgangsdomäne), aber unterschiedlicher sprachlicher Realisierung” e “schwierige Fälle”, segundo o grao de dificultade que suscita a súa tradución), pola outra banda, permite a exposición dalgunhas consideracións certamente proveitosas dirixidas a respectar o calado metafórico que a miúdo subxace a determinadas expresións idiomáticas (e que tan facilmente lle pode pasar desapercibido ao tradutor), e a incrementar, en consecuencia, a calidade da tradución literaria.

Pecha este segundo bloque un artigo de corte teórico e descritivo sobre as unidades fraseolóxicas do inglés, que o seu autor, Ouro Cabanas, engloba baixo o termo de

“non-canonical expressions”, inscritas, á súa vez, dentro das chamadas “gray areas” ou *zonas fronteirizas* da linguaxe. A pesar dalgunhas comparacións puntuais co español e co galego, a ausencia de referencias á lingua alemá ou á dimensión didáctica das expresións abordadas fai que non resulte do todo coherente incluílas nun volume cuxo título enténdese (ou debería entenderse) como programático con respecto ao contido global, pero tamén en particular de cada unha das achegas.

No terceiro bloque temático preséntanse tres recursos fraseográficos que si resultan de máximo interese e pertinencia dentro da perspectiva didáctica da fraseoloxía e que contan co engadido de dar a coñecer proxectos de novidade e senlleiros neste campo, dous deles aínda en curso: a plataforma virtual de fraseoloxismos alemáns e españois ideada por Carola Strohschen (Universidade de Murcia) e o dicionario idiomático alemán-ruso dirixido por Dmitrij Dobrovol'skij (Academia Rusa das Ciencias); e un terceiro proxecto xa culminado e publicado, o dicionario *Idiomatik Deutsch-Spanisch* (2013), que presenta e describe unha das súas autoras, Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela). O primeiro destes tres recursos é un banco de datos cooperativo dispoñible en liña e creado a partir do *software* gratuito que proporciona a plataforma *Mediawiki* en combinación coa aplicación *Wikimindmaps*. Baixo o ilustrativo nome de *Phraseopedia* (no dominio *phraseopedia.org*), esta ferramenta interactiva descríbese como un sistema flexible e de fácil configuración que permite o almacenamento e procesamento de datos (expresións idiomáticas, neste caso) e que, dende a súa propia concepción como formato *wiki*, ofrécelles aos estudantes a posibilidade de introducir, modificar ou corrixir datos, e desta maneira adquiren un rol activo e involúcranse no seu propio proceso de aprendizaxe. O proxecto que presenta Strohschen conta coa vantaxe indiscutible de levar as novas tecnoloxías ao terreo do ensino de linguas e, concretamente, da fraseoloxía, e, sen dúbida, abre a veda a outras linguas de estudo coas que podería ampliarse e enriquecerse esta plataforma no futuro.

A mesma finalidade didáctica, aínda que en formato máis tradicional, perseguen os dicionarios idiomáticos que se presentan nas dúas contribucións que pechan o volume, e nas que se detallan aspectos esclarecedores da súa concepción, a súa macroestrutura e microestrutura, algúns coincidentes e outros abertamente diverxentes. O inmenso proxecto lexicográfico de Mellado Blanco e o seu equipo supón a contrapartida do dicionario de Hans Schemann (2011), e inscríbese dentro dun macroproxecto dirixido por este autor para a conversión desta obra monolingüe –con preto de 33.000 unidades idiomáticas do alemán nos seus respectivos contextos creados *ad hoc*– en senllos dicionarios bilingües co alemán como lingua de partida e o italiano, o inglés, o francés, o portugués e o español como linguas de chegada. De acordo coas tres fases concibidas por Kühn (1992 e 1994) na adquisición da competencia fraseolóxica, recoñecemento, comprensión e emprego dos fraseoloxismos (*Erkennen-Verstehen-Anwenden*), a autora vai debullando algunhas das características do dicionario que explican como a súa consulta pode constituír unha boa base para o afianzamento destes tres pasos. O proxecto para a confección do *German-Russian Corpus-Based Dictionary of Modern Idiomatics* (tamén dispoñible parcialmente en Internet, por certo)

que expón Dobrovol'skij presenta evidentes similitudes co de Schemann e Mellado, aínda que difire en dous aspectos básicos relativos á macroestrutura e á microestrutura, respectivamente: en primeiro lugar, o menor caudal das unidades contidas: unhas 2.000 expresións alemás máis os seus correlatos en ruso (un dato, no entanto, de importancia só relativa); e, en segundo lugar, a presenza de contextos auténticos resultantes do manexo de córpora electrónicos para ilustrar e exemplificar o uso dos fraseoloxismos. Ámbolos dicionarios e os seus respectivos autores coinciden, con todo, en destacar a equivalencia funcional na lingua de chegada como a solución lexicográfica máis apropiada (a menos nociva, polo menos), aínda cando ditas correspondencias non sempre resulten reversibles entre as dúas linguas de traballo ou extrapolables a outros hipotéticos contextos de emisión.

Na súa diversidade, e aínda que non todos na mesma medida, os traballos recompilados neste volume dan boa conta da puxanza que experimenta a fraseodidáctica e a fraseografía de corte didáctico nos nosos días e, unha vez máis, volve amosarse como unha das vertentes máis frutíferas ao redor do alemán como lingua estranxeira ou *DaF* provén da chamada “Auslandsgermanistik”. Como último apuntamento, esta vez estritamente formal, sería desexable ampliar o tamaño de captura de pantalla da *Phraseopedia* que se plasma na páx. 94 e que resulta, lamentablemente, ilexible, e emendar algúns erros ortotipográficos detectados en varios artigos: “Lehr- und Lehrkonzepte” (páx. 32); “Enwicklung” (páx. 34); “Fraseologie” (páx. 47); “ein para” (páx. 49); “vieleicht” (páx. 50); “wollen wir hier auf zwei Gesichtspunkte der beschränken” (páx. 52); “Phrasenen” (páx. 108); “attributive” (páx. 128); “Blech redder” (páx. 132), entre algunhas outras erratas menores de puntuación.

Referencias bibliográficas

- ETTINGER, Stefan (1989): “Einige Probleme der lexikographischen Darstellung idiomatischer Einheiten (Französisch-Deutsch)” en GRÉCIANO, Gertrud (ed.): *EUROPHRAS 88. Phraséologie contrastive*. Actes du Colloque International Klingenthal-Strasbourg. Strasbourg: Université des Sciences Humaines, Dép. d'Études Allemandes; 95-115.
- (1998): “Einige Überlegungen zur Phraseodidaktik” en EISMANN, Wolfgang (ed.): *EUROPHRAS 95. Europäische Phraseologie im Vergleich: Gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt*. Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer; 201-217.
- HALLSTEINDÓTTIR, Erla; ŠAJÁNKOVÁ, Monika; QUASTHOFF, Uwe (2006): “Phraseologisches Optimum für Deutsch als Fremdsprache. Ein Vorschlag auf der Basis von Frequenz- und Geläufigkeitsuntersuchungen” en *Linguistik online* 27/2006.
- HESSKY, Regina (1992): “Aspekte der Verwendung von Phraseologismen im Unterricht Deutsch als Fremdsprache” en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 21; 159-168.
- (1997): “Einige Fragen der Vermittlung von Phraseologie im Unterricht Deutsch als Fremdsprache” en WIMMER, Reiner; BERENS, Franz J. (eds.): *Phraseologie und Wortbildung*. Tübingen: Gunter Narr; 245-261.
- HESSKY, Regina; ETTINGER, Stefan (1997): *Deutsche Redewendungen. Ein Wörter- und Übungsbuch für Fortgeschrittene*. Tübingen: Narr Studienbücher.
- KÜHN, Peter (1984): “Pragmatische und lexikographische Beschreibung phraseologischer Einheiten: Phraseologismen und Routineformeln” en *Germanistische Linguistik* 5-6; 5-24.

- (1987): “Deutsch als Fremdsprache im phraseodidaktischen Dornröschenschlaf. Vorschläge für eine Neukonzeption phraseodidaktischer Hilfsmittel” en *Fremdsprachen Lehren und Lernen* 16; 62-79.
- (1992): “Phraseodidaktik. Entwicklungen, Probleme und Überlegungen für den Muttersprachenunterricht und den Unterricht DaF” en *Fremdsprachen lehren und lernen* 21; 169-189.
- (1994): “Pragmatische Phraseologie: Konsequenzen für die Phraseographie und Phraseodidaktik” en SANDIG, Barbara (ed.): *Tendenzen der Phraseologieforschung*. Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer; 411-428.
- LÜGER, Heinz-Helmut (1997): “Anregungen zur Phraseodidaktik” en *Beiträge zur Fremdsprachenvermittlung* 32; 69-120.
- SCHEMANN, Hans (2011): *Deutsche Idiomatik. Wörterbuch der deutschen Redensarten*. Berlin; New York: de Gruyter.
- WOTJAK, Barbara; RICHTER, Manfred (1988): *Deutsche Phraseologismen. Ein Übungsbuch für Ausländer*. Leipzig: VEB Verlag Enzyklopädie.

Laura Amigot Castillo
Universidad Complutense de Madrid

GONZÁLEZ REY, María Isabel (ed.) (2014): *Didáctica y traducción de las unidades fraseológicas*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela; 274 páxs. ISBN 978-84-15876-23-6.



O interese pola fraseoloxía por parte de investigadores doutros ámbitos de especialidade foi en aumento nas últimas décadas, de xeito que se está a producir unha crecente interrelación desta disciplina con outras. Entre outros, o inicio dos estudos realizados arredor da didáctica da fraseoloxía deu orixe a unha nova subdisciplina: a fraseodidáctica, campo de estudo, cuxa aplicación se espallou recentemente tamén ao ámbito do ensino e o exercicio da tradución. Como mostra dun saber colectivo cun alto grao de contido cultural, o seu coñecemento e a súa aprendizaxe non poden máis que favorecer a comprensión mutua entre dúas ou varias comunidades lingüísticas, ademais de contribuír a que o estudante acade unha maior precisión e fluidez expresiva, o que é fundamental para achegarse á capacidade de expresión dun nativo. Con todo, a aprendizaxe e

o correcto uso seguen a ser un desafío, do mesmo xeito que a súa tradución. De aí o grande interese por parte dos profesores na incorporación destas unidades ao ensino de linguas estranxeiras e da tradución.

O libro que aquí presentamos foi editado por María Isabel González Rey, fraseóloga de sona internacional no eido da fraseoloxía francesa e editora de varios libros acerca da fraseodidáctica. Este volume reúne 14 contribucións de especialistas sobre a fraseoloxía nun senso amplo: fórmulas rutineiras, locucións, colocacións e paremias, que tratan o seu estudo tanto dende o punto de vista da didáctica coma dende o da tradución. Responde esta obra, polo tanto, a esta inqueda por parte dos investigadores de non perder de vista a necesidade de interrelación entre estes campos de estudo independentes máis conectados.

A presentación por parte da editora (páxs. 9-15) fai referencia a esta tendencia e preséntanos os bloques ao redor dos que xiran as distintas contribucións, cuxo eixe de todos eles é o estudo das unidades fraseolóxicas, tanto dende un punto de vista teórico, no primeiro bloque, coma dende unha perspectiva pragmática, aplicada ao ensino/á aprendizaxe de linguas e á tradución no segundo bloque. A continuación, Gonzalez Rey preséntanos de maneira breve o obxecto de estudo e os resultados obtidos por cada un dos autores e engade unha información valiosa que se agradecerá en especial por parte de aqueles lectores interesados nun artigo ou temática concretos.

Empezaremos a nosa avaliación co primeiro bloque, constituído por catro traballos de índole teórica, cuxo obxecto de estudo aborda a fraseoloxía dende catro ópticas: o discurso, a desautomatización, o rexistro coloquial e as variantes diatópicas.

Cando se reflexiona sobre a complexidade de traducir unidades fraseolóxicas, faise polo xeral fincapé na dificultade específica que implica a tradución de aquelas unidades que presentan un alto grao de idiomaticidade. Non obstante, hai outros factores esenciais e que xogan un papel importante á hora de interpretar e traducir un texto. Un deles é o compoñente enunciativo do falante, é dicir, a manifestación da presenza deste no discurso. Na súa análise semántico-pragmática das dúas unidades fraseolóxicas do francés *pour tout dire* e *comme qui dirait*, Ana María Ramos Sañudo amosa a importancia dunha análise minuciosa e en profundidade deste tipo de conectores ou operadores, nos que se evidencian pegadas lingüísticas como o distanciamento, a aproximación ou a evidencialidade. As súas propostas de tradución de textos de diferentes épocas destacan unha evolución a nivel diacrónico de distintos valores enunciativos nestes operadores, cuxo coñecemento por parte dun tradutor é condición *sine qua non* para traducilos dunha maneira axeitada e correcta. Neste senso, non só desexaríamos atoparnos cunha bibliografía máis actualizada, senón que sería interesante proporcionar máis exemplos relevantes.

Outro escollo na labor tradutolóxica é, sen dúbida, o da tradución de fraseoloxismos desautomatizados, fenómeno con frecuencia empregado na poesía e a literatura, e na actualidade, moi presente na linguaxe publicitaria. Na súa contribución, Manuel Martí Sanchez ofrece unha visión diferente deste fenómeno metalingüístico ao enfocalo dende unhas reflexións filosóficas nas que distingue entre intereses obxectivos e subxectivos dos estudantes. O autor insiste en que a meta do desenvolvemento verbal constitúe un interese obxectivo, moitas veces inconsciente, de calquera estudante. Con todo, para lograr resultados relevantes e satisfactorios a través da aprendizaxe cómpre converter

este interese obxectivo nun interese subxectivo, o que se consegue, segundo o autor, ao espertar o “afán de descubrimento”. Ao final, Martí chama a atención sobre o especial interese deste fenómeno dende o punto de vista didáctico, xa que a integración na clase de lingua de actividades relacionadas co procedemento de desautomatización respondería á meta do desenvolvemento das competencias e habilidades verbais dos estudantes, ao reorientar e estimular a atención destes. A propia natureza opaca da desautomatización fai necesario espertar este afán por desvelar a opacidade para facer a estas actividades transparentes. Se cadra esperaríamos que a parte práctica e aplicada á didáctica ocupase máis espazo dentro deste estudo que, ao noso parecer, revela a importancia dun aproveitamento didáctico deste fenómeno, mais fica nun plano moi teórico sen dar realmente propostas frutíferas.

Co seu estudo contrastivo sobre os fraseoloxismos no rexistro coloquial dos idiomas italiano, español e alemán, Jorge Leiva Rojo abrangue dous campos de estudo importantes e á vez pouco tratados ata o momento, e aínda menos dende unha perspectiva contrastiva, como son as locucións adverbiais e o rexistro coloquial. O autor preséntanos os resultados dunha análise contrastiva realizada a partir das locucións adverbiais extraídas da obra italiana *Mai sentita così bene* de Rossana Campo e das correspondentes traducións ao alemán e ao italiano. Despois dun breve apartado sobre o que se entende por rexistro coloquial, no que se delimita doutros conceptos como familiar, popular, informal, oral, etc., o autor destaca varios aspectos: por unha banda, a discrepancia entre os tres idiomas en canto a estudos realizados sobre o rexistro en cuestión, en especial a falta de contribucións que traten o concepto da *Umgangssprache*, e, en xeral, a “escasa mención de la fraseología en relación con este nivel de idioma” (páx.58), o que resulta tanto máis sorprendente polo feito de ser “el tipo de locuciones que ayudan a poner de relieve el elemento coloquial del discurso”. Isto contribúe á dificultade de categorización destas unidades, sobre todo pola súa gran variedade gramatical e sintáctica, ademais de existir diferenzas notables entre os idiomas. Na súa análise, o autor preséntanos unha categorización dos esquemas sintácticos e unha clasificación dos aspectos semánticos dun corpus de 54 locucións idiomáticas distintas extraídas do texto orixinal italiano.

Como ben di o autor nas súas conclusións, a categorización deste tipo de locucións non é un labor nada fácil pola mesma natureza tan dispar destas locucións a nivel sintáctico e funcional, e menos aínda ao tratarse dun estudo contrastivo neste nivel de lingua. Neste senso, esta contribución representa un auténtico avance en canto á taxonomía dunhas locucións tan pouco estudadas ata o momento, sobre todo para cuestións didácticas e traditolóxicas. Agardamos que nos se faga esperar o futuro traballo anunciado polo autor no que pretende analizar as traducións destas locucións adverbiais.

Para finalizar as contribucións de índole teórica, Pedro Mogorrón presenta a análise das variantes diatópicas de construcións verbais fixas (CVF) arxentinas e mexicanas en canto ás súas características sintácticas e léxicas, por unha banda, e ás diferenzas/similitudes coas mesmas construcións españolas, pola outra banda. O corpus do seu estudo constitúeo unha parte da base de datos multilingüe de 24.000 construcións

españolas deste tipo elaborada polo grupo de investigación FRASYTRAM e que recolle variantes e creacións diatópicas de numerosos países hispanoamericanos nos que o español é lingua oficial.

Os resultados da análise revelan varios aspectos que poñen de manifesto a necesidade de continuar con este tipo de estudos, xa que existe unha gran cantidade de expresións que ocasionan problemas de comprensión por parte dun usuario hispanofalante non coñecedor do español hispanoamericano. O autor destaca o alto nivel de variantes morfolóxicas, morfosintácticas, e, como era de esperar, léxicas debido ao uso de léxico das linguas indíxenas faladas pola poboación autóctona como o quechua, náhuatl ou o mapuche. Outros fenómenos que se observan son a forte influencia dos estranxeirismos, causada pola inmigración dos países veciños, con léxico que provén do francés, o inglés e o portugués, e, por último, a aparición de polisemias, xa que existen expresións coñecidas en España cun significado distinto en Arxentina ou México, como sería por exemplo o de “*comerse las uñas*”. Como ben di Mogorrón nas súas conclusións, “Las unidades fraseológicas son una muestra muy representativa de la idiosincrasia de las lenguas y de las culturas que han sido tratadas muy superficialmente en los diccionarios”. De aí que nos pareza que unha base de datos con colaboración a nivel internacional sería un paso importante para afondar nesta liña de investigación. Tendo hoxe en día a disposición as ferramentas que nos proporcionan as novas tecnoloxías e para compartir información textual, resultaría desexable a ampliación colaboradora deste tipo de fontes e incluso a creación dunha base de datos aberta ao público ou polo menos a un público concreto.

O segundo bloque de contribucións fórmano nove achegas que responden a tres grandes liñas de investigación: a fraseodidáctica, a paremiadidáctica e a didáctica da tradución das unidades fraseolóxicas.

Inicia o ámbito da fraseodidáctica a contribución de Patricia Baran cun estudo do papel das locucións verbais somáticas na clase de E/LE, destinada neste caso a estudantes franceses. Comeza o seu estudo facendo fincapé na pouca atención que recibiu ata agora a fraseodidáctica dentro do ensino de E/LE, situación que constitúe unha verdadeira lagoa dentro da didáctica. Por este motivo, os fraseodidactas coinciden no seu postulado de que a integración da fraseoloxía na clase de idiomas debe comezar dende os niveis máis baixos para asegurar unha aprendizaxe gradual e consciente destas estruturas tan complexas e, ao mesmo tempo, tan enriquecedoras do idioma, co obxectivo de aspirar a unha competencia equivalente á dun nativo en niveis de coñecemento superiores.

Con todo, a realidade en canto á aplicación práctica das pautas propostas por investigadores e docentes non se corresponde coas súas reivindicacións. Na maioría dos casos, estas quedan en apreciacións teóricas e afirmacións dunha necesidade de cambio sen propostas concretas aplicables e de fácil adaptación para o docente. Neste senso, a contribución da autora é un verdadeiro avance na práctica por parte dos docentes para a integración da fraseoloxía no ensino. Aínda que o seu estudo se reduce a un campo moi pouco extenso, os somatismos, e a uns destinatarios concretos,

estudantes franceses, os exercicios propostos serían, como ela mesma di, de fácil adaptación a outro tipo de fraseoloxismos e destinatarios. Quizais, aínda que xa parece unha verdade indiscutible, podíase ter introducido tanto na parte teórica coma no desenvolvemento dos tipos de exercicios: o famoso “*Dreischritt*” formulado por Kühn (1987) e máis adiante desenvolvido por outros investigadores como Ettinger (1998, 2011), no que o recoñecemento do fraseoloxismo establece o primeiro paso no proceso da aprendizaxe fraseolóxica, seguido pola comprensión e, finalmente a súa posta en práctica e memorización.

A seguinte contribución de Laura Amigot e Inés Olza acerca da fraseodidáctica abrangue un estudo contrastivo da fixación prosódica das fórmulas rutineiras dos idiomas alemán e español. Pola súa natureza de constituíntes no discurso oral, este tipo de fórmulas, usadas polo xeral de forma oral e non escrita, implica que o factor prosódico constitúe un elemento determinante tanto para a detección e comprensión deles por parte dun non nativo como tamén para o seu correcto uso, e deste xeito aplicar esta mesma prosodia, que adoita ser distinta á das construcións libres con sentido literal. As autoras presentan os resultados dun estudo experimental que se realizou sobre a prosodia de cinco fórmulas rutineiras tanto do alemán como do español para achar ata que punto se distingue a súa prosodia da das mesmas construcións libres. Desenvolven unha serie de tests, nos que parten da hipótese de que as diferenzas de natureza tipolóxica entre os dous sistemas prosódicos destes idiomas, é dicir, por unha parte o papel do acento en alemán, e pola outra, a curva melódica en español, tamén deberían ser determinantes en canto ás diferenzas de entoación entre unidades fraseolóxicas e unidades do discurso libre. Os resultados obtidos non só fan patente o xeito no que inflúe en cada idioma a prosodia para distinguir os dous tipos de secuencias, senón que ademais demostra a importancia de coñecer e recoñecer estas tendencias para unha correcta reprodución delas por parte dun non nativo. Ademais, demóstrase a través dos resultados que existe un descoñecemento por parte dos non nativos da existencia destas diferenzas, o que fai imposible reproducilas con corrección. Se temos en conta os estudos realizados ao respecto nos dous campos de investigación, a fraseoloxía e a prosodia, a integración directa combinando ámbolos factores a nivel didáctico non só parece conveniente, senón que tamén necesaria. Obviamente, as limitacións do alcance do estudo prexudican a representatividade do mesmo. Neste senso, como observación crítica só quereríamos suxerir que sería moi interesante ampliar este tipo de tests en relación coa cantidade de fórmulas elixidas e o número de informantes co fin de que os resultados sexan aproveitables para a súa incorporación didáctica.

A última contribución no marco da fraseodidáctica xira ao redor do ensino do ruso a estudantes españois. Nela, Josefina Velasco afirma o importante papel das UF's na clase de linguas estranxeiras pola súa insubstituíbilidade e a súa capacidade de ampliación das posibilidades comunicativas do aprendiz. Como reflexo específico das manifestacións dun pobo, da súa orixinalidade e da súa cultura, a aprendizaxe e o achegamento ao universo fraseolóxico da lingua rusa permítenlle ao estudante ter unha visión dos aspectos culturais máis importantes do país en cuestión. A proposta didáctica que nos

presenta a autora alicérase na idea de crear un mínimo fraseolóxico que se basee nun mínimo léxico. A autora desenvolve esta idea afirmando a utilidade da elaboración de tal lista e asegura que para que sexa aplicable para fins didácticos sería necesario ter en conta criterios como o de tipo de estudante, o seu nivel, e, naturalmente o seu idioma materno. A continuación, describe as pautas para a creación desta lista de mínimos de UFs orientadas a distintos niveis de ensino na aula de hispanofalantes. Con esta xerarquización responde ao procedemento metodolóxico no ensino de idiomas dunha delimitación estrita do contido gramatical e léxico de acordo cos distintos niveis. De feito, a natureza opaca e o grao de dificultade destas unidades foi durante moito tempo a causa da súa non integración no ensino de idiomas. Probablemente, as propostas concretas de actividades podíanse ter enriquecido máis de visións metodolóxicas da lingüística aplicada, como por exemplo as propostas existentes sobre a adquisición de léxico. Aínda así, coa súa contribución Velasco dá un paso adiante no camiño cara unha integración o máis pronta posible destas estruturas na clase de linguas, tendencia que seguen cada vez máis investigadores como Ettinger (2011), Bergerova (2011) ou Hallsteindottir (2006), autores cuxa mención aquí considerariamos enriquecedora.

A estas tres contribucións acerca da fraseodidáctica que acabamos de presentar seguen outras tres que tratan sobre unha aplicación didáctica, neste caso do ensino das paremias, campo que, en analoxía á fraseodidáctica, se denomina paremioididáctica. Este apartado coméza a contribución de Germán Conde e María Pilar Río, coa presentación dunha unidade didáctica deseñada para o primeiro curso de bacharelato, na que se empregan paremias francesas que tratan o mes de outubro. O motivo da integración deste tipo de texto literario na clase de lingua parte da convicción dos autores de que a competencia lingüística non implica necesariamente un coñecemento didáctico. A discrepancia entre estes dous valores indicaría un fracaso pedagóxico e didáctico no ensino de linguas estranxeiras en España, o que, segundo os autores, é o resultado dunha deficiencia a nivel de formación didáctica do profesorado. Esta discrepancia entre a formación puramente lingüística e a didáctica reflíctese nun ensino conservador, estancado e metodoloxicamente obsoleto. A solución, así o afirman os autores, áchase no establecemento de materias dedicadas unicamente á didáctica do ensino do idioma, neste caso do francés, que amosen pautas metodolóxicas e ferramentas concretas para que o recente licenciado poida, por unha banda, transmitir sen dificultades o seu saber lingüístico, e pola outra, saiba motivar o alumnado, ao relacionar os contidos das súas clases coas súas necesidades e intereses. Unha destas ferramentas didácticas sería, segundo os autores, a incorporación das paremias como centro de interese por ser documentos reais de gran valor cultural que permiten potenciar a pluriculturalidade e o traballo contrastivo por parte dos estudantes. Neste caso, a unidade didáctica presentada ten como temática as paremias que tratan o mes de outubro e os obxectivos que se atopan na comprensión dos proverbios, a análise léxica e gramatical, a busca de correspondencias e a análise de erros. No tocante ás competencias, hai que destacar que os dous autores non só pretenden favorecer a competencia lingüística, tanto a nivel de comprensión como de expresión oral, senón que tamén o uso e manexo das TIC, recurso hoxe en día imprescindible no ensino.

As actividades propostas por Conde e Río baséanse sobre todo na metodoloxía do descubrimento autónomo das regularidades e significados por parte do alumno. Este ten que detectar, localizar, buscar, clasificar, recoñecer, distinguir, etc., e finalmente contrastar as paremias con outras do seu propio idioma. En conclusión, este tipo de actividades permítelles aos alumnos unha inmersión a nivel lingüístico e cultural no idioma que están aprendendo, ao mesmo tempo que esperta o seu interese, ao evitar a desmotivación xeneralizada polos temas impostos nos manuais.

Na mesma liña de traballo atopámonos coa seguinte contribución de Marina García Yelo, que propón igualmente actividades para acadar a competencia paremiolóxica na clase de francés e enfoca a súa proposta en especial no desenvolvemento da destreza produtiva no uso correcto da paremia a nivel escrito e oral por parte do estudante. Ao igual que os autores anteriores, a autora fai fincapé na necesidade de encher a lagoa didáctica en canto á incorporación de paremias na clase de francés e xustifica a validez da súa proposta, ao presentar extractos de xornais que amosan a forte presenza e vitalidade destas unidades na prensa francesa. Insiste na necesidade dunha breve introdución teórica sobre a natureza das paremias, co obxectivo de familiarizar ao alumnado cos seus trazos máis significativos. A continuación presenta o desenvolvemento dunha serie de actividades moi variadas en tres etapas nas que se fundamenta, como indica a autora, na proposta realizada por Sevilla Muñoz e Muñoz González. As frases deste modelo serían o descubrimento, a asimilación e a utilización das paremias. Seguindo estes pasos metodolóxicos, as actividades propostas por Yelo constitúen efectivamente un amplo abano de exercicios teóricos e prácticos

Vanessa Fernández Pampín pecha o apartado da paremioididáctica cun artigo no que nos ofrece igualmente unha proposta didáctica cun triplo obxectivo: a reflexión sobre o papel da literatura na ESO, a posta a disposición dos docentes dun corpus paremiolóxico dos refráns presentes nas obras literarias que forman parte do currículo da ESO e, por último, aprenderlles aos alumnos a localizar, comprender e reutilizar ditos refráns. Afirmar a autora que a relación entre a literatura e o refraneiro español é fundamental para o paremiólogo, xa que as paremias introducidas en obras literarias son, en principio, mostras de xénero oral e popular que merecen ser estudadas xa que son portadoras duns valores peculiares que as fan insubstituíbles. O seu estudo dentro da obra non só lle permite ao estudante ampliar o seu repertorio paremiolóxico, senón que, ademais, reflexionar de xeito consciente sobre o seu significado e función como recurso literario dentro dunha obra. Con este fin a autora desenvolveu unha ficha en forma de táboa coas nove paremias elixidas para que os estudantes a cubran coa seguinte información: obras nas que aparece, significado, uso actual, sinónimo/antónimo e número de veces que aparece. Proponse o desenvolvemento da actividade como traballo en grupo, o que nos parece un xeito de traballo moi acertado, xa que, por desgraza, no ensino español aínda prevalece en moitas aulas a forma social da clase frontal, ou ben, en todo caso, o traballo individual por parte do alumno. Con esta proposta didáctica demóstrase que nin a literatura nin a paremioloxía teñen por que ser materias áridas ou “aburridas”, senón que a súa achega implica un gran potencial educativo.

Pasamos agora da clase de literatura á clase de tradución para iniciar o seguinte e último apartado, o da didáctica da tradución, que comeza coa contribución de María Antonella Sardelli, que pretende suplir coa súa proposta didáctica a escaseza de materiais didácticos e metodolóxicos para a tradución de paremias. Esta segue a ser un escollo no labor do tradutor, como reconece a autora, entre outros motivos, pola falta de criterios comúns para a inclusión da fraseoloxía nas clases de lingua e de tradución, que se paliaría se se elaborase un corpus de UFs conforme ao marco europeo de referencia e que serviría de alicerce para o desenvolvemento de unidades didácticas.

Despois dunha breve introdución teórica das tres fases no desenvolvemento das actividades, Antonelli preséntanos a súa aplicación nas clases de tradución da Universidade de Bari. Trátase da tradución directa de textos literarios, neste caso extractos da novela “*La familia de Pascual Duarte*” de Cela. Despois dunha introdución teórica da materia a través de dous artigos publicados sobre a temática dos refráns nas obras de Cela, a primeira actividade práctica dos estudantes consiste na localización, ou dito doutro xeito, o recoñecemento de refráns en extractos concretos. O criterio a ter en conta neste caso sería o da idiomaticidade como indicio do refrán. Esta actividade complétase coa busca dos refráns en cuestión e a súa correspondente tradución ao italiano no *Refranero Multilingüe* do Instituto Cervantes. A autora expón a continuación os problemas de tradución que apareceron durante o desenvolvemento da actividade, motivados por tres factores: o desaxuste dende o punto de vista pragmático no tocante ao marcador de uso, a aparición de refráns modificados cunha intencionalidade concreta, que había que intentar manter na lingua meta e, finalmente, a aparición de falsas paremias. Este último caso representa o maior reto para o tradutor, xa que lle obriga a crear unha paremia igualmente ficticia e emprega o seu potencial de imaxinación e creatividade. Con este tipo de exercicios e actividades a autora conseguiu plasmar de xeito moi gráfico o gran potencial que teñen as paremias para a clase de tradución, mais tamén o reto que representan tanto para o tradutor como para o docente de tradución.

Ao igual que a investigadora italiana, Lavinia Similaru apela á imaxinación, á creatividade e ao talento do tradutor por realizar este labor tan criticado, e moitas veces insatisfactorio, na que nunca se remata de conseguir a “tradución perfecta”. No caso das paremias, esta imperfección radica na súa propia natureza, xa que reflicten aspectos da cultura que, ao ser traducidos, se perden de xeito irremediable. Despois dun breve apartado sobre a paremioloxía en Romanía, a autora presenta a proposta de tradución dun corpus de paremias extraído do *Refranero Multilingüe* do Centro Virtual Cervantes ao romanés, e para o que se basea nas catro técnicas propostas por Julia Sevilla Muñoz: a atancial, a semántica, a temática e a hiperonímica. A pesar da base común destas dúas linguas latinas, o español e o romanés, as paremias seguen representando un dos elementos máis complexos para traducir e a elaboración dun refraneiro nas linguas española e romanesa sería sen dúbida unha grande axuda para os tradutores nestes dous idiomas.

Finaliza este último apartado a contribución de Carlos Alberto Crida Álvarez, cun estudo da tradución ao español de fórmulas rutineiras desiderativas do grego moderno. Este tipo de unidades representa outro escollo no labor tradutolóxico, neste caso non só por reflectir

uns valores culturais idiosincráticos dunha comunidade, senón que tamén pola súa alta carga emocional. Afirma o autor que, ademais, estas veñen determinadas por situacións concretas de comunicación nas que son aceptadas polos membros da mesma comunidade como conduta psicosocial. Cando este tipo de situacións, convencionais e prototípicas dentro dunha cultura, non se dan noutra, estas diverxencias reflíctense en especial neste tipo de frases que constitúen fórmulas sen equivalente de tradución. Na súa análise, o autor establece un corpus de 256 fórmulas rutineiras do grego extraídas de diferentes fontes e define a fórmula rutineira desiderativa como unha fórmula psicosocial para expresar tanto boa sorte como mala sorte. Do mencionado corpus, 160 exemplos representan un desexo positivo e 96 un desexo negativo cara o interlocutor. A metodoloxía usada na análise baséase na proposta de Corpas Pastor que distingue entre equivalencia plena ou exacta, parcial ou funcional, nula e por último a errónea (falsos amigos). O autor explica en que consiste cada tipo de equivalencia para revelar, a continuación, os resultados cuantitativos obtidos para cada tipo de equivalencia. Os resultados obtidos resultan moi chamantes e pertinentes para os profesionais e investigadores no ámbito da tradución, xa que a menor porcentaxe de equivalencias dáse nas equivalencias plenas, tanto nas fórmulas positivas como nas negativas. Nas fórmulas que expresan mala sorte destacan as equivalencias nulas, de forma que o tradutor se ve obrigado a buscar unha tradución que substitúa por completo esta fórmula. Isto constitúe un enorme reto e neste senso, consideramos que o presente estudo, grazas ao apéndice de equivalencias e propostas de tradución que leva ao final, resulta de grande utilidade, tanto para investigadores como para profesionais de tradución.

Conclúe este amplo abano de contribucións sobre a didáctica e a tradución de unidades fraseolóxicas o estudo de Luis Menesses Lerin e Aude Grezka que leva ao primeiro plano (centro de interese) unha das características a miúdo subestimada, que é a fixación. Tras analizar o tratamento didáctico e tradutolóxico deste trazo tanto nun manual de ELE como en tres dos programas de tradución de libre acceso máis empregados, chegan á conclusión de que a fixación é un fenómeno moi pouco considerado de xeito sistemático. Este feito débese seguramente á complexidade e á dificultade de almacenar toda a información necesaria nun tipo de base de datos que permita manipularla de xeito eficiente para fins didácticos ou de tradución. De aí, que os autores se propuxeran a elaboración dunha base de datos de locucións francesas, que comeza coas adverbiais pola súa importante función de procesadores de lingua e o seu alto contido de fixación, clasificadas segundo o seu grao de fixación. A finalidade desta base de datos consiste en crear uns recursos automatizables de recoñecemento de calquera elemento fixo da lingua, que o identifiquen morfolóxica e sintacticamente e que o definan semanticamente segundo o seu contexto. O seu sistema de busca que permite a busca por construción, por substantivo ou por suxeito de locución parécenos moi oportuno e de grande axuda para o labor tradutor. Por outra parte, permítense dous tipos de visualización: a gráfica, seguramente de especial interese a nivel didáctico, e a tabular, interesante para calquera usuario. Sen dúbida, os resultados do estudo son moi valiosos, aínda que nos parece que o obxectivo proposto dunha complexidade no inventario das secuencias fixas non se puido acadar e foi demasiado ambicioso. Esperamos que sexa o preludio de futuros estudos sobre este tema.

Bibliografía

- ETTINGER, Stefan (1998): "Einige Überlegungen zur Phraseodidaktik" en EISMANN, W. (ed.) (1998): *EUROPHRAS 95, Europäische Phraseologie im Vergleich. Gemeinsames Erbe und kulturelle Viel falt.* Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer; 201-217.
- HALLSTEINDOTTÍR, Erla; ŠAJÁNKOVÁ, Monika; QUASTHOFF, Uwe (2006): "Phraseologisches Optimum für Deutsch als Fremdsprache. Ein Vorschlag auf der Basis von Frequenz- und Geläufigkeitsuntersuchungen" en (2006): *Linguistik online 27, 2/06.* [http://www.linguistik-online.de/27_06/hallsteinsdottir_et_al.html]
- KÜHN, Peter (1987): "Deutsch als Fremdsprache im phraseodidaktischen Dornröschenschlaf. Vorschläge für eine Neukonzeption phraseodidaktischer Hilfsmittel" en (1987): *Fremdsprachen Lehren und Lernen 16; 62-79.*
- (2011): "Einige kritische Fragen zum gegenwärtigen Forschungsstand der Phraseodidaktik", en SCHÄFER, Patrick e SCHOWALTER, Christine (eds.) (2011): *In mediam linguam, Mediensprache-Redewendungen-Sprachvermittlung*, Festschrift für Heinz-Helmut Lüger. Landau: Verlag Empirische Pädagogik; 231-250.

Carola Strohschen
Universidade de Murcia

GONZÁLEZ REY, María Isabel (dir.) (2014): *Outils et méthodes d'apprentissage en phraséodidactique*. Fernelmont: E.M.E. & interCommunications; 320 páxs.



María Isabel González Rey, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, é unha investigadora de recoñecido prestixio en fraseoloxía, como o demostra o seu extenso currículo neste saber: *La phraseologie du français* (2002), *La didactique du français idiomatique* (2007), *Les expressions figées en didactique des langues étrangères* (2007), *Unidades fraseológicas y TIC* (2012), etc. Esta autora sostén que tanto os útiles coma os métodos empregados no ensino/aprendizaxe dunha lingua e na tradución condicionan as propostas didácticas que se deben levar a cabo para lograr estes obxectivos.

Sobre esta base nace *Outils et méthodes d'apprentissage en phraséodidactique*, que recolle o traballo de quince investigacións que mostran en sentido amplo a importancia da fraseoloxía como elemento didáctico e, como obxectivo máis preciso, propóñenos unha serie de suxestións para levar a cabo a fraseodidáctica.

A estruturación desta obra obedece a tres criterios: o papel da fraseoloxía na didáctica da lingua e da literatura, os mecanismos didácticos que se deben empregar para traballar as expresións fixas na lingua e na literatura e, finalmente, na tradución.

No primeiro apartado, denominado *La Fraseodidáctica*, aparecen as publicacións dos seguintes autores:

- Stefan Ettinger (Augsburg, Alemaña) recoméndanos a aprendizaxe e o uso de fórmulas rutineiras e das expresións familiares dende que nos internamos no coñecemento dunha lingua estranxeira. Non obstante, as “colocacións” e os “sintagmas idiomáticos”, que requiren coñecementos máis profundos dunha lingua, son propicios para o ensino secundario e universitario. As paremias, debido á súa complexidade, débense reservar para os estudantes avanzados dunha lingua estranxeira. Para este autor, o ensino dos frasemas débese realizar progresivamente cos avances que se van adquirindo no coñecemento dunha lingua estranxeira.

Para Ettinger, os frasemas son “maioritariamente un ornamento e dependen dos desexos do falante” polo que propón unha aprendizaxe autónoma destas formas: suxírenos a súa recollida coa finalidade de permitir “aos estudantes de dotarse dun stock de frasemas que teña con eles unha afinidade persoal e que poidan empregar activamente” e confésanos que presenta gran dificultade seleccionar os máis frecuentes e os máis útiles.

Dominique Legallois (Universidade de Caen, Francia) reflexiona sobre como aprender aspectos léxico-gramaticais dunha segunda lingua a partir de unidades fraseolóxicas, sobre todo daquelas que responden ás estruturas “N1 V N2 à N3” (*il a cassé la figure à Paul*) e “N1 V SP à N2” (*elle leur rit au nez*).

Na primeira parte do seu traballo reflexiona sobre a Gramática de Construcións (conceptos básicos e innovacións), mentres que na segunda nos mostra unha “cartografía de relacións entre as unidades fraseolóxicas”. Despois de analizar varias destas formas, Legallois conclúe que as expresións fixas son elementos moi útiles para a didáctica e propón a súa integración nos programas educativos, xa que a maioría delas, tanto dende o punto de vista gramatical como sintáctico, “constitúen uns recursos incontestables para a súa aplicación didáctica, e teñen unha grande eficacia na elaboración de dispositivos pedagóxicos a través dos cales os aprendices se poden decatarse dos escenarios expresados por estas construcións”.

- Jean-Louis Dufays (Universidade Católica de Louvain, Bélxica) chama a nosa atención sobre os clixés de lingua, formas que sitúa entre o sintagma libre e a expresión fixa. Facéndose eco das dificultades que existen para recoñecer os clixés, o autor propónnos unha serie de criterios para logralo, que exemplifica na primeira estrofa da canción “*La mauvaise réputation*” de Brassens (*faire du tort à quelqu'un, petit bonhomme, ça va de soi*, etc.).

Dufays sinala a importancia que presentan os clixés na didáctica dunha lingua, pero tamén na súa literatura xa que permitirían estimular no alumnado, de lingua materna ou estranxeira, “a metacognición, a reflexibilidade nas súas propias lecturas, pero tamén a crítica, a activación da súa memoria transtextual e a consciente da relatividade”.

O interese da lingüística, segundo este autor, e da didáctica polos clixés de lingua permitirá unir pontes entre o estudo do léxico e da sintaxe, da lingua coa literatura e da produción coa recepción.

O segundo apartado deste libro, *Outils et méthodes d'apprentissage en phraséodidactique* contén as seguintes seis contribucións:

- Vilmos Bárdosi (Universidade Eötvös Loránd de Budapest, Hungría) centrou o seu traballo sobre fraseografía (bota en falta obras que recollan a historia da fraseoloxía das diferentes linguas), cuestións teóricas e prácticas, e máis concretamente sobre o tratamento lexicográfico das expresións fixas nos dicionarios.

Este autor analiza en once apartados os aspectos relevantes que se deben ter en conta á hora de confeccionar un dicionario fraseolóxico: os frasemas que deben incluírse, a estruturación das expresións fixas (dicionario semasiolóxico ou onomasiolóxico), as diferentes posibilidades que se presentan á hora de sinalar a palabra baixo a cal se inclúe un enunciado, marcas de uso (diacrónicas, diastráticas, diatópicas, diafásicas, gramaticais e pragmáticas), etc.

Bardosi sostén que o fraseógrafo debe mostrar nun dicionario “todas as informacións semánticas, contextuais, estilísticas, e pragmáticas que un locutor non nativo pode necesitar para utilizar axeitadamente os frasemas en situacións de comunicación reais”.

- M^a Ángeles Solano Martínez (Universidade de Murcia, España) avala o emprego de textos literarios modernos na aula, xa que, como documentos auténticos que son, permiten observar o funcionamento das unidades fraseolóxicas en contextos reais de emprego. Internet ofrécenos abundantes resultados “que están cheos de exemplos de uso dos fraseoloxismos en todas as linguas vivas e en todos os rexistros”.

Cando hai dificultades para localizar unha obra ou un texto literario na súa versión orixinal ou encontrar a súa tradución na lingua meta, Internet presta unha grande axuda xa que pon á nosa disposición bibliotecas, editoriais, motores de busca, etc.

Despois de analizar trece motores de busca, Solano Martínez conclúe que os máis idóneos pola súa calidade e rapidez de rastrexo son Google e Cluuz. Para a localización dunha obra literaria invítanos a recorrer á web do *Proyecto Gutenberg* e ás páxinas da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, da Biblioteca Numérica Mundial e da Biblioteca Nacional de Francia (colección numérica *Gallica*).

- Eva M^a Iñesta Mineral (Universidade de Oviedo, España) móstranos como se debe incorporar a competencia fraseolóxica ao *Portfolio Europeo das Linguas* co obxectivo de lograr unha educación plurilingüe e intercultural.

Dende o primeiro momento “débase sensibilizar o neno sobre a diversidade lingüística e cultural que o rodea para axudalo a construír a súa identidade”. Iñesta Mena, tomando como argumento as expresións idiomáticas comparativas, sostén que a fraseoloxía pode ser unha boa ferramenta de traballo para lograr este fin, pois “o potencial das

expresións fixas é evidente para encontrar converxencias ou establecer contrastes entre unha lingua e a súa cultura, pero isto débese plasmar nas prácticas de clase”.

Unha serie de propostas didácticas (recollida de fraseoloxía referente a expresións familiares ou da vida cotiá, elaboración de glosarios multilingües coa finalidade de sinalar as colocacións, etc.) fai fincapé no valor do *Portfolio* como soporte metodolóxico na integración da fraseoloxía na aula.

- Florence Detry (Universidade Europea de Madrid, España) promove, fronte á idea clásica dun ensino memorístico das expresións idiomáticas en español como lingua estranxeira, unha aprendizaxe cognitiva na que o alumno debe ser capaz de distinguir entre o sentido literal e o sentido figurado destas formas.

Para alcanzar este obxectivo, formúlasenos unha serie de actividades (*as miñas expresións para a clase, o noso tesouro paremiolóxico, as miñas fichas fraseolóxicas, etc.*) coas que “o aprendiz é guiado a realizar certas tarefas que lle permitan, non soamente comprender e visualizar a dimensión icónica-litera da nova expresión, senón tamén reflexionar e propoñer hipóteses sobre a interpretación figurada que lle debe atribuír”. Nesta formulación, o papel do profesor debe ser o dun guía que axuda ao alumno a encontrar o sentido metafórico das unidades fraseolóxicas (algunhas delas presentan grandes complicacións: as arcaicas, as que pertencen a campos semánticos moi específicos, etc.), o que redundará na súa memorización.

- Cristelle Cavalla (Lidilem, Universidade de Grenoble 3, Francia) indícanos que o proxecto FULS (*Formes et Usages des Lexiques Spécifiques en français*), do que é a súa directora, ten como finalidade axudar os estudantes estranxeiros das universidades francesas a redactar con corrección os textos científicos que deben presentar para a súa avaliación (traballos de máster e doutoramento). Para fomentar esta tarefa pódese botar man de *Scientext*, método que nos propón un corpus en liña de colocacións frecuentes en francés e de ferramentas informáticas como TAL, que presenta unha serie de exercicios encamiñados a examinar o emprego de colocacións en lingüística, medicina e informática, ou TICE, sistema que permite a redacción de escritos curtos e que axuda a que progresivamente se poidan realizar textos máis complexos.

O obxectivo deste artigo, ademais de resaltar a importancia das colocacións nos traballos científicos, é que se comprenda “o principio da colocación” co fin de que “se reteña simultaneamente o sentido e a asociación léxica” destas unidades.

- Claire Nicolas (Universidade Complutense de Madrid, España) centra o seu estudo en “propoñer estratexias na adquisición de colocacións transdisciplinarias [...] para os aprendices de nivel B1 e B2” na materia *Sciences de la Vie et de la Terre*.

Sen esquecer os coñecementos que deben adquirir os alumnos que cursen esta materia, Nicolas sinala que o profesor debe lograr que o estudante adquira un amplo repertorio de colocacións coa finalidade de dominar unha lingua: “a adquisición das colocacións reviste entón unha importancia moi particular xa que permitirá o dominio da lingua científica interdisciplinar”.

Para lograr a aprendizaxe, adquisición e memorización das unidades fraseolóxicas propón traballar con elas na aula: suxírenos realizar cinco tarefas con estas formas, que teñen como finalidade comprobar que o alumno alcanzou os coñecementos enunciados e que, así mesmo, é capaz de “expresarse de xeito fluído grazas ao emprego das colocacións interdisciplinarias”.

Na terceira sección deste libro encádranse os traballos de:

- Julia Sevilla Muñoz (Universidade Complutense de Madrid, España) intérnanos no complexo mundo da tradución de paremias presentándonos o proxecto de investigación “Paremiastic”, que ten por finalidade “a selección e a análise de paremias que deberían ser ensinadas para obter un excelente coñecemento da lingua”. Moitas destas formas presentan grandes problemas na súa tradución a outras linguas: a autora recomenda a consulta de obras paremiolóxicas, escritas ou na rede, para identificalas e comprender o seu sentido. O *Refranero Multilingüe* é unha magnífica base de datos que achega abundante documentación sobre as paremias e ofrece a súa tradución nas principais linguas europeas.

Dende o punto de vista da fundamentación tradutolóxica, Sevilla Muñoz indícanos tres posibilidades de tradución (equivalencia literal, conceptual e pragmática) e resalta “as estratexias e técnicas que se deben aplicar para encontrar o equivalente dunha paremia”: técnica actancial, temática, sinonímica e hiperonímica.

- Anda Rădulescu (Universidade de Craiova, Romanía) descóbrenos que algunhas expresións fixas, nos dicionarios bilingües romanés-francés e francés-romanés, non presentan o equivalente apropiado na outra lingua (ou non se propón), quizais debido a peculiaridades semánticas, estilísticas e culturais que dificultan a súa tradución.

Despois de estudar as equivalencias de 250 estruturas adverbiais comparativas romanesas en francés [do tipo *V ca (comme) N*], que extraeu de catro dicionarios, sinala os diferentes procesos da súa tradución en francés: literal, transposición, modulación, equivalencia e adaptación.

Rădulescu conclúe neste traballo que nalgúns casos é difícil facer visible o referente cultural dunha lingua nunha tradución, do que resulta que unha expresión fixa non sexa comprendida na súa totalidade na lingua de tradución: “un bo número de connotacións étnicas pérdense na tradución porque o que se compara en lingua estranxeira reenvía a experiencias culturais diferentes”.

- Yauheniya Yakubovich (Laboratorio *fLexSem*, Universidade Autónoma de Barcelona, España) empeza o seu traballo mostrándonos unha serie de mecanismos que mostran a desautomatización dos frasemas: substitución lexical, alteración da orde dos compoñentes, intersección de varios frasemas que comparten un ou varios compoñentes, conmutación gramatical, etc.

O eixe central deste artigo xira ao redor da desautomatización (nas colocacións, nas [semi/quasi]locucións, nas unidades frásticas, nos pragmatemas e nos clixés) que existe

na poesía francesa e bielorrusa contemporánea, onde aparece como un procedemento estilístico co que os poetas saen da normalidade ao conferirlle ás palabras un novo significado. Segundo esta autora, este recurso, tanto nunha lingua como na outra, “prodúcese ben pola activación dun segundo sentido dos compoñentes dun frasema, ben pola ambigüidade de toda a unidade, ben pola creación dun novo valor semántico nunha secuencia desautomatizada”.

- Ascensión Sierra Soriano (Universidade de Alicante, España) interésase pola tradución da interxección nos libretos de ópera, ao centrar o seu traballo en 144 unidades fraseolóxicas recollidas nas obras francesas: *L'enfant et les sortilèges*, *La belle et la bête* e *Carmen*.

Sierra Soriano fai unha análise das interxeccións recollidas no seu corpus dende tres puntos de vista: morfolóxico (simples e compostas), léxico (propias e impropias) e pragmático (interxección apelativa, expresiva, fático e referencial)).

A autora chama a nosa atención sobre “as técnicas de tradución empregadas en función da morfoloxía, da semántica e da función das interxeccións” e propón unha nova tradución en español sobre a base dunha sonoridade máis española, o estilo do texto, etc. Este estudo complétase con dous apartados moi interesantes nos que se trata a non tradución da interxección francesa no libreto español e o xeito de traducir as interxeccións francesas que xa non están en uso.

- Fernand Ruiz Quemoun (Universidade de Alicante, España) interésase polo argot descuberto na fraseoloxía que recolleu en *Zazie dans le métro* (1959), novela de Raymond Queneau, e na súa versión española.

Neste interesante traballo analízanse en profundidade 15 unidades fraseolóxicas: a autora reflexiona sobre cada unha destas expresións fixas, tanto na súa versión francesa (*il était un peu faux jeton*) como na castelá (*era un poco falsote*), e achéganos a súa propia tradución (*menudo pájaro está hecho*).

As conclusións ás que chega esta autora en canto a este tipo de fraseoloxía son que a observación e manipulación das unidades fraseolóxicas fará que as memoricemos e que formen parte do noso saber, que o tradutor debe ter toda a información necesaria que lle axude a encontrar a tradución correcta (por exemplo, coñecer a orixe dunha expresión) e que a correspondencia exacta de expresións é moi difícil: a equivalencia é o procedemento máis utilizado.

- Gabriela Scurtu e Daniela Dinca (Universidade de Craiova, Romanía) propoñennos traballar as unidades fraseolóxicas do tipo V + N (*rejeter un pourvoi*) que aparecen en francés xurídico coa finalidade de axudar aos estudantes romaneses que deban enfrontarse coa tradución deste tipo de textos á súa lingua.

Estas autoras sosteñen que o primeiro paso que se debe dar no proceso dunha tradución xurídica é convencer os alumnos de que “as CV [colocacións verbais] son o produto da cultura xurídica de cada pobo e que a súa tradución vai máis alá da simple transposición dos termos que as compoñen”. A proposta didáctica de Scurtu e Dinca céntrase na


presentación en paralelo de textos bilingües sobre un mesmo tema, nos que se fará notar tanto o funcionamento destas expresións xurídicas en francés como os problemas cos que se pode encontrar o tradutor romanés, en exercicios lexicais (mecanismos para descodificar en francés e para codificar en romanés) e en análise en contexto (funcionamento discursivo).

O papel da fraseoloxía na didáctica das linguas é un feito que xa ninguén discute. Pero, como ben sinala González Rey na presentación desta obra, o que se demanda con forza no noso tempo é prover a fraseoloxía “de útiles e métodos capaces de facela eficaz para os docentes de linguas estranxeiras e para os tradutólogos”.

Xeralmente os docentes, ante a ausencia dunha metodoloxía específica, crean as súas propias propostas didácticas para lograr introducir a fraseoloxía na aula. A directora desta obra recomenda que estas propostas metodolóxicas non caian no esquecemento e pide que, baixo o paraguas da investigación, se participe conxuntamente na busca dos procedementos axeitados que faciliten a adquisición fraseolóxica, tanto aos estudantes de linguas coma aos tradutores. Con esta finalidade naceu *Outils et méthodes d'apprentissage en phraséodidactique*, obra na que se recollen as experiencias dun grupo de profesionais europeos que se dedican ao ensino do francés como lingua materna ou estranxeira.

Germán Conde Tarrío
Universidade de Santiago de Compostela

GONZÁLEZ ROYO, Carmen e MOGORRÓN HUERTA, Pedro (eds.) (2008): *Estudios y análisis de fraseología contrastiva: lexicografía y traducción*. Alicante: Universidad De Alicante. Servicio de Publicaciones; 192 páxs. ISBN: 978-84-79089-29-0.



A monografía colectiva sobre a que realizamos esta recensión vén a engrosa-la aínda escasa bibliografía, mais cada día máis abundosa, que versa sobre os aspectos lexicográficos e tradutolóxicos da fraseoloxía contrastiva. Os directores da obra, Carmen González Royo e Pedro Mogorrón Huerta, son respectivamente membro e director do grupo de investigación Frasytram (Fraseoloxía y Traducción Multilingüe) da Universidad de Alicante e, coa experiencia madurada no seo de dito grupo e na organización de numerosas xuntanzas científicas internacionais verbo do tema, conseguiron reunir un sólido equipo de investigadores para explora-las distintas facetas da fraseoloxía multilingüe na actualidade.

Son catorce os autores das dez contribucións que compoñen este volume e catro as linguas de traballo nas que están redactadas: español, francés, inglés e italiano. No texto examínanse os sistemas fraseolóxicos de varios idiomas e a combinación entre distintos pares de linguas: francés/español, español/catalán, italiano/francés, árabe/francés e español/catalán/francés/romanés.

O fenómeno fraseolóxico analízase nas diferentes linguas obxecto de estudo dende perspectivas moi heteroxéneas:

- atendendo a criterios diversos como unha clasificación semántica –tómase en consideración UFs que pertencen a un campo semántico específico (por exemplo, o relativo a Deus e ó Demo en español ou ó galo en francés e en español, entre outros)–;
- dende un punto de vista sintáctico (os verbos sintagmáticos en italiano e en español);
- dende a perspectiva das linguas de especialidade (a lingua da zootecnia) e, ampliando o espectro da análise, trátanse
- aspectos sociolingüísticos inherentes á fraseoloxía como, por exemplo, as representacións de xénero a través das UFs, e
- aspectos extralingüísticos como a xestualidade en relación co uso destas unidades léxicas.

Ademais, as categorías estudadas nas diferentes contribucións son variadas: nalgúns traballos diríxese a atención cara a unidades específicas como frases sentenciosas, refráns e frases proverbiais; noutros, mírase o universo fraseolóxico na súa totalidade e reflexiónase sobre as súas unidades en conxunto.

Abre a colección de intervencións o traballo dun experto paremiólogo, Jean-Claude Anscombe, da Université de Paris 13, titulado *Quelques propriétés linguistiques des formes sentencieuses, et leur application à la traduction franco-espagnole*. Nel, o autor presenta unha clasificación da categoría fraseolóxica das formas sentenciosas e propón uns criterios útiles para a tradución de ditas estruturas. Esta investigación insírese nun proxecto do mesmo autor máis amplo e ambicioso que aspira a elaborar un dicionario francés/español de formas sentenciosas.

A segunda contribución, a cargo de Jorge Baptista da Universidade do Algarve, leva por título *Structuring of cross-linguistic database of frozen sentences* e propón unha metodoloxía para a descrición formal das UFs en xeral.

Nun traballo de corte lexicográfico, Césareo Calvo Rigual da Universitat de València estuda *I verbi sintagmatici italiani, con appunti contrastivi con lo spagnolo e il catalano*, onde pon en evidencia, por unha banda, a produtividade dos verbos sintagmáticos en italiano e, por outra, grazas á análise contrastiva, a improdutividade desta categoría fraseolóxica noutras dúas linguas románicas como o español e o catalán.

O artigo *Expressions figées, gestes, gestuelle et gestualité. Difficultés d'interprétation entre italien et français*, escrito por Catherine Camugli Gallardo da Université de Paris 10

Nanterre & Institut Gaspard Monge, trata da realidade extralingüística ó se empregaren as UFs e, en concreto, propón un método para compara-la xestualidade do italiano e do francés.

M^a Isabel González Rey da Universidade de Santiago de Compostela, unha autoridade no campo dos estudos fraseolóxicos e, especialmente, da chamada “fraseodidáctica”, coa contribución titulada *Représentations collectives sur l’homme et la femme dans les expressions figées* enfróntase ó espiñento problema da identidade de xénero a través das UFs que, en ocasións, revelan unha lingua aínda moi sexista.

O estudo de Brigitte Lépinette Lepers, da Universitat de València, e Françoise Olmo Cazevieille, da Universidad Politécnica de Valencia, *La langue de la zootechnie. De l’inventaire terminologique à l’inventaire syntaxico-sémantique. Quelques observations et propositions*, insírese no ámbito das linguas de especialidade e pretende aplicar un corpus de unidades léxicas procedentes do eido da zootecnia á tradución automática, segundo criterios de tipo semántico e sintáctico.

Iván Martínez Blasco da Universidad de Alicante presenta unhas *Reflexiones sobre la naturaleza traductológica de las estructuras con verbo soporte*, cun enfoque tradutolóxico francés-español. Para defini-los principais mecanismos empregados na tradución de ditas estruturas, o autor parte da análise da tradución ó español da novela “Les Nègres du traducteur” de Claude Bleton.

En *Les proverbes arabes et français: Problèmes de traduction interlinguistiques et intralinguistiques*, Salah Mejri e Inès Sfar da Université Paris 13 ocúpanse da problemática da tradución dos refráns nunha mesma lingua (tradución intralingual) e noutra lingua (tradución interlingual) e, coa análise do corpus, amosan que esta operación de transferencia de contido tende a conservar globalmente o contido semántico pero adoita afecta-las características formais do refrán.

M^a Dolores Santos Maestre, Lucía Navarro Brotons e Cristina Borlea da Universidad de Alicante, co artigo titulado *Concepto de dios y del diablo en la fraseología española: su traducción al catalán, francés y rumano*, realizan un estudo interlingüístico e intercultural das diferentes UFs relacionadas coa figura de Deus e do Demo en catro linguas e culturas diferentes: o español, o catalán, o francés e o romanés. Con esta análise contrastiva demostran a relevancia do factor cultural na tradución das UFs.

Pecha o volume o traballo de Julia Sevilla Muñoz, da Universidad Complutense de Madrid, e mais Marina García Yelo, que analiza *Los refranes y las frases proverbiales relativas al gallo en francés y en español: estudio intercultural y traductológico*. Tomando como base a elaboración dun corpus de paremias francesas e españolas nas que aparecen os termos *gallo* e *coq*, as autoras propóñense realizar un estudo contrastivo dos aspectos lingüísticos e culturais e presentar unha metodoloxía de traballo aplicable ós estudos contrastivos restrinxidos a un actante.


Este sucinto repaso pon de manifesto como, consonte o título do volume (*Estudios y análisis de fraseología contrastiva: lexicografía y traducción*), aínda que mantendo a variedade de perspectivas e orientacións, tódalas achegas preséntanse segundo un

denominador común, iso é, os aspectos lexicográficos –e, sobre todo, tradutolóxicos– do fenómeno fraseolóxico en clave contrastiva. Os diferentes autores enfróntanse ás intrincadas cuestións relacionadas coa tradución das UFs, cadaquén dende o seu ámbito de especialidade e a través de córpora procedentes de linguas distintas, o que ofrece unha gama de análise considerable e de grande utilidade para un público vasto e heretoxéneo.

Xa que logo, a variedade de enfoques, a multiplicidade das linguas, a heteroxeneidade de estruturas fraseolóxicas analizadas, así como a distinta procedencia –non só xeográfica senón tamén científica– dos autores que participan nel, fan deste libro un compendio polifacético e multilingüe do complexo universo da fraseoloxía contrastiva. En resumo, trátase dunha obra rica e de novidade, que trata con seriedade e rigor temas actuais de grande importancia para a disciplina fraseolóxica.

G. Angela MURA
Universidad de Alicante

MELLADO BLANCO, Carmen (coord.); BUJÁN, Patricia; IGLESIAS, Nely M.; LOSADA, M. Carmen e MANSILLA, Ana (eds.) (2013): *La fraseografía del alemán y el español: Lexicografía y traducción* (Études linguistiques / Linguistische Studien, Band 11). München: Peniopo; 177 páxs.



O volume que aquí nos ocupa xorde no seo do grupo de investigación FRASESPAL e do seu proxecto “La estructura idiomática del alemán y el español. Un estudio cognitivo a partir de un corpus onomasiolóxico” (MEC: HUM2007-62198/FÍO) dirixido pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela Carmen Mellado Blanco¹. Na liña doutras publicacións fraseográficas e tradutolóxicas do grupo (*vid.* [<http://www.usc.es/frasespal/es/publicacions.htm>]), este libro aborda, esta vez como monografía, algúns temas relevantes das disciplinas da Lexicografía e Tradución aplicadas á Fraseoloxía contrastiva do alemán e español. Por esta dobre temática, o volume resulta de especial interese non

¹ Esta publicación deriva dunha parte das comunicacións presentadas na Internationale Tagung zur kontrastiven Phraseologie Deutsch-Spanisch-Galicisch (Santiago de Compostela, 24-25 de novembro de 2011). Neste primeiro congreso internacional de Fraseoloxía Contrastiva dedicada especificamente aos pares de linguas alemán-español e alemán-galego (programa Acciones Complementarias a Proyectos de Investigación Fundamental no orientada do Ministerio de Ciencia e Innovación, código FFI2011-13721-E), inscribíronse máis de medio centenar de relatores das seccións de Fraseografía, Tradución, Fraseoloxía cognitiva, Fraseopragmática, Fraseodidáctica e Fraseoloxía computacional, todas elas centradas nas linguas obxecto de estudo: alemán, español, galego.

só para tradutores ou lexicógrafos, senón tamén para o ensino e adquisición do alemán e español como linguas estranxeiras.

O volume consta dunha detallada introdución das compoñentes do grupo FRASESPAL Nely M. Iglesias e Ana Mansilla Pérez (páx. 7-15), na que se expoñen algúns conceptos básicos da tradución de fraseoloxismos (como a correspondencia entre o nivel sistémico e a Lingüística Contrastiva e entre o nivel textual e a Tradutoloxía) e faise un balance crítico dos estudos realizados ata o momento no ámbito da tradución e fraseografía do par de linguas alemán-español. Na citada introdución preséntase igualmente un resumo dos 7 traballos dedicados á Tradución e dos 4 centrados na Fraseografía.

O bloque da Tradución contén contribucións de Jenny Brumme, Jorge Leiva Rojo, Zuriñe Sanz Villar, Alejandro Pastor Lara, Encarnación Tabares Plasencia / José Juan Batista Rodríguez, M^a José Corvo Sánchez e M^a Jesús Barsanti Vigo.

No primeiro, (“Diálogo ficcional, fraseoloxía y traducción. *Voller Container* o ¿cómo traducir una fórmula ficticia real?”), Jenny Brumme aborda o tema dos equivalentes fraseolóxicos en textos literarios e resalta algúns aspectos como a norma lingüística, a situación sociolingüística das linguas empregadas nas traducións obxecto de estudo ou as expectativas do público que inflúen nas decisións últimas que o tradutor tome para traducir un texto. No seu artigo, a autora analiza ademais as distintas estratexias utilizadas polos tradutores á hora de recrear a oralidade ficcional dun personaxe e destaca a necesidade de recrear na lingua meta o compoñente pragmático emocional que levan os fraseoloxismos no texto orixinal.

Jorge Leiva Rojo céntrase no seu traballo (“La traducción de unidades fraseológicas (alemán-español/español-alemán) como parámetro para la evaluación y revisión de traducciones”) nos parámetros que hai que seguir para avaliar a calidade das traducións, e fai fincapé na tradución de fraseoloxismos. O autor avoga por incluír a fraseoloxía como parámetro de avaliación na formación de futuros tradutores e como parámetro de calidade nas traducións profesionais.

En canto aos procedementos para a tradución de fraseoloxismos, Leiva Rojo sinala o equivalente fraseolóxico como procedemento máis empregado e ante a falta deste, o tradutor optará por outros procedementos indirectos como a paráfrase ou a compensación, respectando, iso si, o contido semántico-pragmático do texto orixe ao texto meta.

Na achega de Zuriñe Sanz Vilar (“Hacia la creación de un corpus digitalizado, paralelo, trilingüe (alemán-español-euskera). Una propuesta metodológica para analizar la traducción de unidades fraseológicas”) preséntase un corpus con traducións de fraseoloxismos alemáns ao éuscaro. A autora chama a atención sobre a natureza aglutinante do éuscaro, na que non se dá a pluriverbalidade propia das UFs, polo que estas corresponden a unha categoría morfosintáctica distinta (monolexemas), sen perder por iso a súa natureza idiomática en éuscaro. Como consecuencia, o labor de traducir implica tanto coñecementos lingüísticos como culturais sobre a lingua orixe para poder conferirlle sentido pleno ao texto traducido.

Do ámbito da tradución das linguas con ou para fins específicos, concretamente do ámbito xurídico, proceden dous traballos, o primeiro, de Alejandro Pastor Lara e, o segundo, de Encarnación Tabares Plasencia xunto con José Juan Batista Rodríguez. Ambos artigos céntranse na chamada fraseoloxía xurídica ou, para ser máis exactos, nas unidades fraseolóxicas xurídicas ou do Dereito (UFED). Dende a perspectiva da lingüística aplicada e a tradución, Tabares Plasencia e Batista Rodríguez distinguen no seu traballo (“Delimitación y análisis de las unidades fraseológicas jurídicas en español y alemán”) tres tipos ben diferenciados de UFED. En primeiro lugar, destacan as cadeas gramaticais e fórmulas adverbiais, despois, as construcións verbonominais e, en terceiro e último lugar, os textos formulaicos de dimensión variable. Por conseguinte, a linguaxe xurídica parece estar máis cinguida que a da lingua común e carece, ademais do trazo de idiomaticidade propio desta.

Alejandro Pastor Lara tamén destaca na súa achega (“Termini und ihre Umgebung im Strafprozessdiskurs Spanisch-Deutsch”) a importancia que ten o estudo da fraseoloxía para o tradutor especializado en textos xurídicos e céntrase nalgúns problemas tradutolóxicos específicos das colocacións do ámbito xurídico. Para o autor, a equivalencia nas colocacións especializadas non se pode establecer partindo unicamente de criterios semánticos, procedemento que segue sendo demasiado habitual na maioría dos dicionarios bilingües, tanto xerais coma especializados. No discurso xurídico, o verdadeiramente relevante é a equivalencia (con)textual ou de uso, que debe ademais ter en conta os sistemas xurídicos vixentes nos países nos que se falan as linguas implicadas.

Os traballos de María José Corvo Sánchez (“Estudio de los refranes españoles y alemanes de Juan Ángel de Zumaran (1): perspectiva didáctica”) e de María Jesús Barsanti Vigo (“Estudio de los refranes españoles y alemanes de Juan Ángel de Zumaran (1): perspectiva traductológica”) presentan a tarefa docente e o labor de tradución de Juan Ángel de Zumaran, mestre e intérprete español das linguas francesa, italiana, española e alemá do S. XVII que viviu en Alemaña.

María José Corvo Sánchez sinala a importancia do estudo dos refráns dende un enfoque didáctico, os cales resultan ser ferramentas moi eficaces para a produción oral e escrita dunha lingua estranxeira, se ben a adquisición destas destrezas presupón un coñecemento alto da lingua obxecto de estudo. A través deste tipo de enunciados breves e sentenciosos, en forma de “consejos, experiencias, admoniciones o exhortaciones”, María Jesús Barsanti Vigo sostén que se transmite a sabedoría popular e a idiosincrasia de cada comunidade lingüística e, por esta especificidade cultural, dende a óptica da tradución, as paremias dificultan excesivamente o labor do tradutor.

No bloque dedicado á Fraseografía bilingüe alemán-español, contamos con 4 traballos, o primeiro de Aina Torrent, Lucía Uría e Anja de Werth (“El controvertido tema de las equivalencias en los diccionarios bilingües español-alemán y viceversa. Reflexiones a raíz de las propuestas de Balzer *et al.* (2010) en *Kein Blatt von den Mund nehmen*”) no que se fai unha revisión dos equivalentes interlingüísticos de determinadas locucións do dicionario fraseolóxico de Berit Balzer *et al.* (2010). Partindo das dificultades ás que

se enfrontaron de forma práctica na elaboración do seu *Diccionario español-alemán de locuciones del español de España*, as autoras do traballo defenden que o significado das locucións só se pode descodificar mediante implicaturas, por tratarse dun significado en gran parte implícito. En consecuencia, relativízase o concepto de sinonimia fraseolóxica. As autoras avogan, na elaboración de dicionarios bilingües, polo método empírico da inclusión de exemplos auténticos, espontáneos e, a ser posible, definitorios.

O traballo de Paloma Sánchez Hernández (“La lematización de las unidades fraseológicas en diccionarios generales semasiológicos y onomasiológicos”) explica os problemas de lematización dos fraseoloxismos do campo semántico LEHREN-LERNEN en dicionarios xerais semasiolóxicos e onomasiolóxicos. Os problemas que se atopan nos dicionarios son debidos sobre todo á carencia dunha tipoloxía fraseolóxica e dunha taxonomía onomasiolóxica comunmente aceptadas, o cal repercute na escasa fiabilidade das equivalencias fraseolóxicas nos dicionarios bilingües

No seguinte traballo (“Vergleich nominaler phraseologischer Komponenten im Deutschen und Spanischen mit computerlinguistischen Werkzeugen”), as autoras Britta Juska-Bacher, Cerstin Mahlow y Sixta Quassdorf toman un dicionario fraseolóxico de referencia para cada un das linguas obxecto de estudo, co fin de analizar tanto de forma cuantitativa como cualitativa os substantivos presentes nos fraseoloxismos somáticos do alemán e do español. Para obter resultados sobre posibles universais fraseolóxicos, fan uso dos métodos da lingüística computacional, que se converte así nunha ferramenta sumamente útil na investigación fraseolóxica contrastiva.

Pecha o volume o traballo de Hans Schemann, (“Gedanken zu einer kontrastiven europäischen Idiomatik ausgehend von fünf synchronisierten zweisprachigen idiomatischen Großwörterbüchern”), no que o autor expón o seu gran proxecto multilingüe fraseográfico, que consiste na conexión conceptual dos seus cinco dicionarios idiomáticos bilingües (nos que a lingua de partida é o alemán e a lingua de chegada o inglés, francés, italiano, español e portugués respectivamente) co seu dicionario onomasiolóxico *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten* (1991, ²2012)². As liñas de investigación que poderían derivarse da combinación dos datos resultantes descríbese o autor como inesgotables e os usuarios potenciais poderían dispoñer deste modo dunha obra lexicográfica de referencia para disciplinas como a Tradución e a Lingüística Aplicada.

Con esta publicación, o grupo de investigación FRASESPAL, ofrece unha rica mostra dos enfoques teóricos e prácticos máis actuais nos ámbitos da Tradución e Fraseografía do alemán e español. En palabras das autoras da introdución Iglesias Iglesias / Mansilla Pérez (páx. 14), “[I]a riqueza de los temas expuestos y la diversidad de enfoques y planteamientos ponen de manifiesto la versatilidad de una disciplina —como es la fraseología contrastiva— en plena efervescencia.”


² Vid. Schemann, Hans (1991): *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten*. Stuttgart / Dresden. (²2012) Berlin / New York e Schemann, Hans / Mellado Blanco, Carmen / Buján, Patricia / Iglesias, Nely / Larreta, Juan Pablo / Mansilla, Ana (2013): *Idiomatik Deutsch-Spanisch*. Hamburg: Buske.

E é precisamente a riqueza e profundidade da obra o que a converte nunha referencia para os estudosos do alemán e español como linguas estranxeiras no ámbito contrastivo da Fraseografía e Tradución da Fraseoloxía.

Beatriz Pérez Traseira

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela

MIEDER, Wolfgang (ed.) (2014): *Proverbium. Yearbook of International Proverb Scholarship*, 31, 2014. Vermont: The University of Vermont; 532 páxs. ISSN 0743-782X.



O último número que saíu á luz da revista *Proverbium* é o 31, que corresponde ao ano 2014. Esta é a publicación máis veterana sobre Paremioloxía no mundo editada na Universidade de Vermont (Estados Unidos). Dende o ano 1984 o seu editor é Wolfgang Mieder, un dos maiores expertos de Paremioloxía.

Cómpre destacar que *Proverbium* ten carácter aberto e rigorosamente internacional. Vese o interese por tódalas culturas do mundo, non tendo unha visión nacional ou occidental en exclusiva. Interésase por refráns de culturas de cuxa paremioloxía non se fala habitualmente. É importante que nestas culturas haxa cada vez máis presenza da ciencia fraseolóxica e paremiolóxica, mais tamén que reciban a atención de Europa e os Estados Unidos á hora de tratar a fraseoloxía internacional.

A revista preséntase co anexo *Proverbs: their lexical and semantic features*, de František Čermák, que se centra nas características léxicas e semánticas dos refráns. Xa son 36 os volumes publicados nesta colección de traballos monográficos sobre os distintos aspectos da paremioloxía.

Este número 31 contén 17 artigos vidos de todo o mundo. A revista recibe artigos en inglés, francés, alemán, ruso e español e nesta edición atopamos trece artigos en inglés, un en español e tres en alemán. Esta variedade de linguas amosa a relevancia internacional da revista. Como pequena desvantaxe cabe citar que algúns artigos non presentan unha estrutura clara e carecen de apartados.

O volume 31 dedícase ao paremiólogo estoniano Arvo Krikmann con motivo do seu 75 aniversario. Tanto no prefacio como no encomio, Mieder destaca o seu traballo como compilador. Unha das grandes achegas deste paremiólogo foi *Proverb Semantics. Studies in Structure, Logic and Metaphor*, volume 29 da colección *Proverbium* publicado no

ano 2009 que inclúe oito contribucións. Para Mieder esta é unha das publicacións máis valiosas que todo paremiólogo debería ler.

A continuación, describiranse os artigos que compoñen o volume:

Peter Grzybek describe o intercambio de correspondencia con Arvo Krikmann dende abril ata novembro do 1984 no artigo chamado *Mosaic or Jigsaw? Publishing an Article From Estonia in the 'West', 30 Years Ago, When Circumstances Were Quite Different From Today*. Cando Grzybek recibe a noticia da morte do paremiólogo ruso Peryjakow decide publicar traducións ao alemán da súa obra e pídelles permiso a Krikmann para publicar na revista *Ars Semeiotica. An International Journal on Semiotic* o artigo de Krikmann "Some Aspects of Semantic Indefiniteness of Proverbs" en alemán. Krikmann prefere escribir un novo artigo a que haxa versións do anterior. Ao final do artigo amósanse seis cartas que intercambian e como vai tornando esa relación cordial nunha amizade.

No seguinte artigo, titulado *The Use of Proverbs in Hip-Hop Music: The Example of Yoruba Proverbs in 9ice's Lyrics*, Akinmade Timothy Akande e Adebayo Mosobalaje observan os refráns presentes nas letras de Abolore Adegbola Akande (nome artístico 9ice), coñecido cantante de hip hop de Yoruba. O pobo de Yoruba é un dos tres grandes grupos étnicos de Nixeria e sitúase ao suroeste do país. No estudo de varias letras de 9ice, os autores dividen a temática dos refráns en tres grupos. En primeiro lugar, retratan a cultura local. A través do emprego de refráns, 9ice pretende recrear a cultura na que creceu e facer do hip hop unha expresión creativa e cultural de yoruba para así achegalo a todos os públicos. Ademais, ten un obxectivo global: transmitir os valores éticos e percepcións da súa sociedade. Nestes casos as funcións da fala son ensinar e informar. O segundo obxectivo é defender o seu espazo creativo ante competidores. Por último o autor emprega os refráns como arma de protesta para crear conciencia sobre a situación social.

En *'Las palabras vuelan, lo escrito se queda' (The words fly, the written stays): The Judeo-spanish (Haketic) proverb in Northern Morocco*, os autores Tamar Alexander e Yaakov Bentolila analizan as características literarias e lingüísticas dos refráns haquetías en Marrocos como expresión da identidade étnica. O haquetía é unha lingua que falan as comunidades sefardís do norte de Marrocos. Estes refráns compáranse con outras equivalencias do mesmo contexto cultural: refráns de fontes hebreas canónicas (biblia, *tahmud* e *midhash*), españois (mesma orixe xeográfica), da lingua ladina (lingua sefardí), xudeoárabes e árabes en Marrocos. Ademais, analízanse refráns haquetías sen equivalencias noutras linguas. Determínase que os refraneiros de todas estas culturas presentan trazos en común co haquetía e incluso moitas veces coinciden totalmente. Outras veces sufriron procedementos de adaptación ou paralelismo, como é o caso de *Quien madruga el Dió le ayuda* en haquetía e *Quien madruga Dios le ayuda* en español. Todas estas influencias confírenlle a súa identidade ao pobo haquetí, que ten o refrán como un dos canais de expresión máis importantes.

No artigo *Der Begriff 'Sparsamkeit' in den Sprichwörtern unter den Aspekt der kulturwissenschaftlichen Linguistik (basielend auf Russisch, Lettisch, Deutsch und Englisch)* Mikhail Bredis realiza unha comparación entre refráns en ruso, letón, alemán

e inglés que tratan da fugacidade da riqueza e do aforro. Nos refráns letóns inclúense refráns en latgaliano, lingua da parte oriental de Letonia. Percíbese unha semellanza de significados, pero con frecuencia as imaxes varían, xa que, segundo a cultura, a concepción de valores é diferente. A maior proximidade establécese entre o ruso e o letón debido á situación xeográfica e ás circunstancias históricas. No caso do inglés e do alemán tamén presentan moitas similitudes por seren ámbalas linguas xermánicas. Os refráns en alemán e en letón presentan diversas variantes. Isto débese a que ata o século XIX Alemaña estaba composta por distintos estados e a que o letón estivo durante séculos baixo a influencia das linguas e culturas rusa e alemá.

Simon J. Bronner analiza a frase *Who's your daddy?* (*The Proverbial and Psychological Meanings of 'Who's Your Daddy?'*), na actualidade moi empregada en eventos deportivos nos Estados Unidos. Realiza unha investigación dende un punto de vista lingüístico, paremiolóxico, histórico, folclórico e etnográfico para demostrar que esta pregunta retórica é unha frase proverbial. Esta frase probablemente teña a súa orixe na fronteira americana a mediados do século XIX e sinalaba dominación social, polo que se mantén o seu uso como indicador de superioridade. No século XX asociábase á cultura de rúa afroamericana. Actualmente o seu uso está máis ben restrinxido a partidos de baloncesto cando un equipo gaña o partido ou supera en puntos ao outro. Bronner realiza unha busca da aparición desta pregunta en fontes e determina que entre mediados dos anos 60 e o ano 2000 esta foi en aumento.

Esther Clinton no seu artigo *Proverbial Play: J.R.R. Tolkien's Use of proverbs in 'The Hobbit' and 'The Lord of the Rings'* profunda no uso dos refráns por parte de Tolkien nas obras *O Hobbit* e *O señor dos Aneis*. Na súa opinión, os refráns son parte da complexidade lingüística que Tolkien creou para ambientar a Idade Media e tanto o narrador como os personaxes (en maior ou menor medida) usan refráns. Non só atopamos refráns orixinais, senón que tamén novos refráns que o mesmo autor crea, antiproverbios e adaptacións de refráns. Neste artigo preténdese estudar o obxectivo e o modo no que Tolkien os introduce intencionadamente na conversa e como o lector os reconece. A autora cre que Tolkien non foi suficientemente valorado polos paremiólogos. Para inventar refráns Tolkien utiliza algúns instrumentos poéticos como a metáfora, a rima, o ritmo ou o paralelismo. Ademais, Tolkien xoga coa linguaxe e modifica refráns tradicionais. Este é o exemplo de *All that glitters is not dull*, que modifica a *All that glitters is not gold*. Noutros casos cambia a orde das palabras para expresar un significado contrario, como ocorre con *All that is gold does not glitter*. Os refráns empréganse coa intención de abraiar outros personaxes, ilustrar relacións, describir o desenvolvemento da historia ou para dar credibilidade e máis profundidade histórica. Son unha mestura do tradicional e o innovador, co uso de xogos. Moitos refráns da obra transcenderon ao mundo real e incluso deles xurdiron antiproverbios e adaptacións.

Carlos Alberto Crida Álvarez, en *El lado oscuro del 3: En paremias y fraseologismos del español y del griego*, trata o lado escuro do número tres en diferentes refráns. Este é un arquetipo que deu lugar a un gran número de metáforas. A pesar do seu simbolismo positivo na civilización occidental, nas culturas grega e española úsase máis

ben negativamente, como vemos ao longo do artigo, valor que provén da mitoloxía grega. Se analizamos refráns co número tres vemos que moitos teñen significado sexista (representa unha tríade de carácter negativo na que un dos elementos é a muller), mala saúde, mal tempo, segredos, inimizade, discrepancia, problemas ou desgrazas. Por último, este número tamén pode representar unha cantidade indefinida como crítica por escaseza ou por exceso.

Charles Clay Doyle no artigo '*Wearing One's Heart on His Sleeve*': *The Formation and Evolution of a (Shakespearean) Proverbial phrase* examina a frase *Wearing one's heart on his sleeve*, que é unha liña da obra *Othello* de Shakespeare, escrita en 1602. Hoxe en día ten moitos significados e variantes. En moitas ocasións sufriu adaptacións, como a substitución de *heart* por un nome abstracto ou de *wear* por *hang* ou *pin*. Dise que xa estaba fixado nos tempos de Shakespeare, pero non existen probas que o confirmen. Esta frase fíxose común a partir da publicación da obra shakesperiana.

O mesmo autor desta vez atende á frase proverbial *A way out of no way*, moi utilizada nos discursos de Martin Luther King e escritores afroamericanos do século XX no artigo '*A Way Out of No Way*': *A Note on the Background of the African American Proverbial Saying*. Esta frase xa existía no século XVI durante a Reforma Protestante e no século XIX empregábase os cuáqueros. Esta frase proverbial forma parte do refrán *God makes (can make) a way out of no way*. Segue a utilizarse na cultura afroamericana, na que o camiño ao respecto, á suficiencia económica e aos dereitos civís se considera como unha viaxe sen un rumbo determinado e esta frase serve para infundir esperanza. Existen diferentes variacións: sen o artigo (*make way*) para facela abstracta, ou coa substitución de *no way* por *none*, na que se mantén o significado. Xa que esta frase apareceu en momentos diferentes, unha posibilidade é que esteamos ante unha situación de polixénese, mais a cuestión sobre as influencias ou posibles conexións fica sen resolver.

Erzsébet Drahota Szabó trata as UFs do húngaro e o alemán como elementos intertextuais que no macrodiscurso cultural son unidades coherentes en *Sprichwörter als intertextuelle Elemente: Zu den Sprichwörtern mir und ohne Kulturspezifk auf Langue_ und auf Diskurs_Ebene*. Analízanse dende un punto de vista lingüístico, discursivo e nas relacións entre ámbolos campos. Esta autora clasifica os fraseoloxismos como culturalmente específicos ou non e decide os procedementos de tradución óptimos en cada caso. Cómpre intentar manter o mesmo valor no texto, tanto a nivel semántico como estilístico. No ámbito lingüístico, preséntanse casos dos fraseoloxismos non culturalmente específicos do húngaro que contan con equivalencias totais no alemán e establécese a mesma imaxe para as dúas linguas, ou esta equivalencia é parcial por variar unha palabra. Os fraseoloxismos culturalmente específicos adoitan presentar nomes xeográficos, unidades monetarias, descritores de características do pobo, elementos arquitectónicos concretos ou refráns de orixe literaria. A autora conclúe facendo fincapé na importancia da formación fraseolóxica dos tradutores para facilitar o recoñecemento destas unidades.

O artigo de Patricio Ferrari *Proverbs in Fernando Pessoa's Works* aborda os refráns na obra de Fernando Pessoa. Na primavera de 1914 Pessoa recolleu, seleccionou e traduciu

ao inglés 300 refráns portugueses da colección de proverbios nacionais editados por Frank Palmer. Este artigo leva o apéndice de 24 refráns portugueses que o escritor portugués recolectou coa súa tradución e tres manuscritos sobre refráns non publicados. Un dos temas principais, case dun terzo deles, é Deus e a relixión. Podemos atopar, ademais, un refrán literario sobre esta temática, extraído de Florilegio, así como moitos *wellerismos*. No ano 1930, baixo o heterónimo de Álvaro de Campos, Pessoa creou seis antiproverbios, manipulando refráns existentes. Un exemplo é a alteración do refrán incluído na súa recadádiva *Deus escreve os tortos por linhas direitas a Deus escreve direito por linhas tortas*, que provoca un cambio do significado do refrán como técnica de innovación lingüística. O interese de Pessoa polo refraneiro fainos entender mellor a visión do escritor sobre o carácter portugués e a humanidade.

O artigo de Tamás Forgács *Über das parömische Minimum des Ungarischen* ten o propósito de dar resposta ás grandes diferenzas que se observan entre o mínimo paremiolóxico do alemán e o húngaro en base ao estudo dos respectivos informes de Grzybek no ano 1991 e de Litkovina nos 1993 e 1996. O húngaro ten un mínimo paremiolóxico maior que o alemán, feito no que inflúe que a listaxe de refráns é máis longa (a listaxe de Grzybek contén 275 refráns e a de Litkovina presenta 378 refráns). Os traballos de Litkovina presentan algúns problemas a pesar de ser pioneiros. Rexístranse variantes e refráns arcaicos, xa que non se tiveron en conta córpora electrónicos. A investigación demostra que esta grande diferenza non reflicte que o húngaro sexa unha lingua cunha riqueza paremiolóxica moito maior. Atópase unha maior porcentaxe de refráns alemáns cun 100% de recoñecemento (6,54%) que de húngaros (0,3%). A porcentaxe de refráns recoñecidos por un 95% dos informantes é a mesma nas dúas linguas, aínda que a selección do húngaro sexa maior nun 25%. Forgács conclúe sinalando que cómpre realizar unha nova investigación, baseándose nunha listaxe validada por análises de córpora xa realizadas e tendo en conta que nos últimos dez anos aumentaron considerablemente os córpora electrónicos.

Rosemarie Gläser no artigo *We Have Ceased to Be a Nation in Retreat': Redewendungen und Sprichwörter in Margaret Thatchers Rhetorik* observa a retórica e estilo de Margaret Thatcher en dúas autobiografías, *The Downing Street Years* (1993) e *The Path to Power* (1995), dende un punto de vista paremiolóxico. Segundo Mieder, ata 1995 non se analizou a retórica dun político inglés, cando se publicou a obra de Bryan sobre Churchill. A análise lingüística céntrase en expresións fixas que teñen a función de palabras, en especial nos ditos proverbiais e metafóricos, citas, palabras aladas, lemas e slogans. Cabe destacar que os discursos eran resultado dun traballo meticuloso de xornalistas, ministros e especialistas en diferentes áreas. Na súa bibliografía vemos citas de Shakespeare, Pope Burns ou Kiplings. Outra característica é a introdución de slogans políticos do programa electoral ou dunha xeración como, por exemplo, *time for a change*. Para unha investigación máis acaída sería necesario un corpus máis amplo, xa que isto só representa unha parte dos seus escritos.

No artigo *Parabasis in Nikolay Gogol's 'The Inspector General': The Proverbial Medium* Kevin J. McKenna analiza a epígrafe *Don't grumble at the mirror if your (own) puss is*

distorted, presente na obra *O inspector* do dramaturgo ruso Nikolay Gogol. Este autor introduciu este refrán no ano 1842, na versión final e definitiva. O crítico literario ruso Vyacheslav Ivanov reparou neste momento final do quinto acto como a parábase central da obra, ao estilo da comedia antiga da Grecia do século V a.C. O refrán *Don't blame the mirror for your old ugly mug*, o que inicia a obra, tamén se considera parábase ou polo menos paralela, como adianto ao refrán final da obra. A súa mensaxe social vai máis ben dirixida á audiencia, representa a cidade como unha persoa colectiva e non a moitos personaxes illados. Unha diferenza coa parábase da comedia grega é que a de Gogol non acontece na metade da obra e non participa o coro. O refrán que abre adianta dalgunha maneira a lección moralista do final. Aínda así non podemos documentar a intención de Gogol de que funcionase como parábase, pero sábese que a comedia aristofánica foi unha importante fonte para a súa obra e que o refrán é a expresión do seu interese polo folclore ruso e ucraíno.

Wolfgang Mieder no artigo *Keep. 'Your Eyes on the prize': Congressman John Lewis's Proverbial Odyssey for Civil Rights* realiza un estudo da linguaxe proverbial de tres obras de John Lewis: *Walking of the Wind: A Memoir of the Movement* (1998), *Across that Bridge: Life Lessons and a Vision for Change* (2012) e *March: Book One* (2012). Este artigo serve como felicitación persoal para este representante no congreso por Xeorxia, o último sobrevivente dos seis grandes líderes do movemento estadounidense polos dereitos civís dos 50, 60 e 70. Os seus discursos manteñan o estilo sermoneiro dos predicadores bautistas e a destreza retórica de Martin Luther King. Alude con frecuencia a refráns da biblia, citas da tradición demócrata estadounidense e refráns e expresións populares. Ao longo do artigo realízanse exemplos con comentarios interpretativos. Ao final, preséntase unha listaxe de 742 proverbios distribuídos por orde alfabética das palabras clave que aparecen nestas tres obras.

Barry Shelton trata o refrán norteamericano *root, hog or die*, que ten orixes populares no artigo titulado *'Root, Hog, or Die': A Republican Proverb*. Aínda que xa estaba en uso a principios do século XIX, estendeuse dende o momento no que Lincoln o utilizou na conferencia de Hampton Roads. Foi un grito de batalla usado na retórica racista na Era da Reconstrución. A primeira vez que se rexistra este refrán é no ano 1834 na obra *The Narrative of the Life* de David Crockett. Segundo este, en 1884 xa era un dito antigo. En 1828 aparece a versión *root, little hog or die* nunha publicación en Delaware. Sobre todo utilizouse nos discursos políticos dos republicanos nos 150 anos seguintes á Guerra Civil. Ademais, é o título dunha canción folk popular do século XIX de McGowan, a partir da que se compuxeron outras cancións. Na actualidade non é un refrán moi recoñecido, xa que nunha investigación recente ningunha persoa menor de 50 anos nin sequera o recoñecía. Isto pode acontecer debido ao éxodo rural e ao comezo da gandería intensiva.

No artigo *Insights From the Middle of Nowhere: Proverbial Language and Intertextuality in Gary Larson's The Far Side*, Stephen D. Winick estuda a presenza de refráns no traballo do debuxante Larson, creador da columna diaria *The Far Side*. Emprega metáforas “de forma literal” para facer crítica social. Moitas veces estas ilustracións están na fronteira

entre o sentido e o disparate. Este artigo, a través de diferentes exemplos, analiza as estratexias intertextuais arredor das ilustración de refráns. Winnik suxire que hai unha relación entre o traballo de Larson e a arte do Word Upside Down, que tamén representaba refráns de forma literal. Nalgunhas ocasións, un refrán amósase parcialmente e o receptor debe completalo co seu coñecemento. Apréciase, ademais, un intercambio de papeis, como por exemplo, na humanización de animais ou na animalización de humanos; unha xerarquía inversa como forma de crítica da xerarquía social. Ao final do artigo inclúese unha listaxe de refráns que Larson ilustrou.

A continuación atopamos as recensións de dúas obras publicadas no 2012 *Aspekte der historischen Phraseologie und Phraseographie* e *Functions and Formal Stylistic Features of Kafa Proverbs*. Os respectivos autores son John M. Jeep e Peter Unseth. A primeira é un conxunto de artigos dun congreso en Granada en 2010 e a segunda é un estudo e recadádiva de 130 refráns etíopes, primeira análise de refráns dunha lingua osmótica.


O libro remata con dúas valiosas bibliografías: unha de refraneiros (90 obras) e outra con publicacións sobre paremioloxía non rexistrada na bibliografía paremiolóxica internacional que Mieder leva realizando dende o ano 1977. Mieder dedícalle esta sección a Edward Zellem, ex-capitán da mariña estadounidense en Iraq que recolleu refráns na obra *Afgham Proverbs Illustrated*, traducido a varias linguas. Este refraneiro é un tesouro da sabedoría dunha cultura na que pouco se afonda no mundo occidental. Tamén destaca a tradución ao italiano da Adagia de Rotterdam.

A bibliografía actualizada contén 407 obras e vai dedicada a Elena Arsentyeva, da Universidade de Kazan. Nesta longa listaxe está presente *Cadernos de Fraseoloxía Galega* xa dende o número 28. É unha grande honra que se nos abra deste xeito a porta cara ó mundo científico internacional.

Beatriz Pérez Traseira

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela

MOGORRÓN HUERTA, Pedro; GALLEGO HERNÁNDEZ, Daniel; MASSEAU Paola; TOLOSA IGUALADA Miguel (eds.) (2013): *Fraseología, Opacidade y Traducción*. Berna: Peter Lang; 281 páxs.



Os editores Pedro Mogorrón Huerta, Daniel Gallego Hernández, Paola Masseur e Miguel Tolosa Igualada da Universidade de Alicante dedican este volume colectivo ó meritorio labor docente e investigador do profesor Salah Mejri da Université Paris 13. Os dezaseis traballos reunidos abordan a problemática da tradución fraseolóxica. Os autores coas súas variadas achegas contribúen a aclarar-la complexa armazón que entrañan os conceptos de fraseoloxía, opacidade e tradución (xa no título da obra) e converten esta antoloxía de artigos nun volume interesante para profesores, investigadores e estudantes.

Trala presentación da obra por parte dos editores, o primeiro dos artigos, de Jean-René Ladmiral, fórmulase como unha introdución. Interesándose pola posición que ocupa a fraseoloxía no proceso

de tradución, o autor analiza os posibles efectos do tratamento fraseolóxico neste proceso. En consecuencia, leva a cabo un estudo da lingüística contrastiva e tamén das novas orientacións teórico-lingüísticas partindo dunha nova perspectiva do fenómeno fraseolóxico.

O segundo artigo, de Salah Mejri, empeza por unha aclaración teórica sobre as nocións de *composicionalidade / non composicionalidade* e *transparencia / opacidade* para demostrar por que a opacidade é característica das unidades poliléxicas e intentar discernir factores particulares do fenómeno opacificador. O autor privilexia a resposta a dúas preguntas fundamentais: en que estes factores imponen un funcionamento particular das unidades poliléxicas e en que esta opacidade pode influír sobre a tradución.

O artigo de Carmen Mellado Blanco trata o tema da motivación en fraseoloxía a partir dun corpus alemán/español correspondente ó campo conceptual “paso do tempo”. A motivación non se entende en termos de idiomaticidade, senón dende unha perspectiva cognitiva. A autora céntrase esencialmente nos fraseoloxismos que presentan motivación metafórica, pero tamén considera as motivacións simbólica, intertextual e indexal.

O texto asinado por Aude Grezka subliña a relevancia da fixación na investigación lingüística actual, porque desempeña un papel clave nos sistemas lingüísticos de recoñecemento. O proxecto que presenta, en fase de elaboración, pon de relevo a confección dunha base de datos que pretende almacenar tódalas locucións totalmente fixas, tendo en conta criterios formais. Iníciase coa descrición das locucións adverbiais, xa que representan elementos importantes para o tratamento da lingua.

Pedro Mogorrón Huerta aborda a competencia fraseolóxica dos usuarios. Para iso, leva a cabo un estudo que permite analiza-la competencia de estudantes de primeiro e cuarto curso de Tradución e Interpretación da Universidade de Alicante, referido a unhas cincuenta expresións fixas españolas de distintos rexistros de lingua e a variedades diatópicas diferenciadas.

Pola súa banda, Xavier Blanco, expón unha tipoloxía dos procesos de deslexicalización de locucións adverbiais presentes na poesía do escritor e poeta Mario Benedetti. A súa investigación aséntase na análise de máis de duascenas locucións adverbiais e o autor dedícalle un apartado a cada patrón de deslexicalización.

O traballo de Jean-Philippe Zouogho xira ó redor da tradución dos refráns e pon de relevo que a imposición de normas traditolóxicas equivale a sucumbir a un purismo metodolóxico que, tarde ou cedo, podería compromete-la creatividade do tradutor, corazón da actividade tradutora, polo menos, no que se refire ós refráns.

Inès Sfar interérase pola observación dos conceptos de opacidade e motivación nos procesos de formación de palabras como a derivación e a composición. A partir dun corpus bilingüe franco-árabe de termos pertencentes ás ciencias da linguaxe, o seu obxectivo é mostrar que a correspondencia entre monolexicalidade e transparencia, por un lado, e polilexicalidade e opacidade, por outro, non está sempre demostrada.

Lucía Navarro Brotóns centra a súa investigación nas paremias e, en concreto, na análise da fixación e da idiomaticidade que constitúen dous aspectos clave da opacidade. Esta opacidade pode darse por varias causas, tales como o emprego de voces en desuso ou case en desuso; os elementos culturais, mitolóxicos e históricos; a perda de referente e as variacións dunha lingua.

O traballo de Bechir Ouerhani versa sobre a tradución dos referentes culturais en secuencias opacas nunha obra literaria árabe. O seu obxectivo é dobre: presentar unha tipoloxía dos factores de opacidade que explicarían o arraigamento cultural causante da natureza idiomática de gran parte das secuencias analizadas; e analiza-las dificultades ás que se enfrenta o tradutor para traducir estes referentes dunha lingua a outra, dunha cultura a outra.

Manuel Sevilla Muñoz no seu estudo mostra como na didáctica da Fraseoloxía, dentro dos estudos de Tradución, podemos recorrer á opacidade das unidades fraseolóxicas para identificalas no corpo do texto orixinal e á imaxe referencial para solucionármolo problema que suscita a opacidade na captación do significado. Este traballo sitúase nos pasos de identificación e interpretación do proceso de tradución dunha unidade fraseolóxica.

Analia Cuadrado indaga na tradución das referencias culturais en secuencias fixas e opacas nos textos literarios e aborda os problemas que implica a súa tradución dunha lingua a outra. Neste traballo, fórmulase a tradución ó inglés, italiano e francés de culturemas riopratenses procedentes dunha obra de Jorge Luis Borges.

O artigo asinado por Jean-Pierre Colson subliña a elevada frecuencia de aparición nos córpora de estruturas semi-fixas como colocacións, fórmulas rutineiras, clixés e construcións con verbo soporte. Na práctica tradutora, estas estruturas son problemáticas, porque identificalas no texto orixe esixe por parte do tradutor un gran dominio lingüístico, mentres que o texto meta peca pola ausencia da fraseoloxía en sentido amplo. Dende un enfoque didáctico, este traballo propón novas ferramentas informáticas para sensibilizalos alumnos ante este tipo de estruturas.

Daniel Gallego Hernández ofrece un corpus piloto especializado no ámbito da economía e dos negocios, que podemos utilizar para extraer fraseoloxía bilingüe utilizable na tradución económica no par lingüístico francés-español e español-francés.


Emmanuel Cartier pretende presentar un balance do tratamento automático dos fenómenos fraseolóxicos. O artigo consta de dúas partes: a formulación de aspectos teóricos que permitan delimitar-lo fenómeno fraseolóxico no contexto dun tratamento automático da linguaxe e a presentación dunha análise con valoración do coñecemento no ámbito da detección automatizada de colocacións.

E, por último, Fabrice Issac culmina o volume revelando o potencial que ofrecen os córpora multilingües paralelos como instrumentos lingüísticos e como axudas didácticas para a tradución. E, partindo de exemplos, presenta as posibilidades de tratamento da linguaxe que proporciona a ferramenta *Corpindex/Proteus*.

En conclusión, a variedade de unidades fraseolóxicas tratadas polos autores neste volume outórganlle a esta obra a súa peculiaridade, ofrecéndose deste modo un apreciable panorama de análise dos conceptos de fraseoloxía, opacidade e tradución.

Marie-Évelyne Le Poder
Universidad de Granada
lepoder@ugr.es

SEVILLA MUÑOZ, Julia (ed.) (2014): *Fraseología y Léxico. Un enfoque contrastivo*. Lugo: Axac; 155 páxs. ISBN: 978-84-92658-32-9.



A obra colectiva que recensionamos a continuación recolle doce intervencións seleccionadas entre os traballos presentados no *Congreso Internacional de Fraseología, Didáctica y Traducción* celebrado na Facultade de Humanidades de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela) durante os días 29, 30 e 31 de outubro de 2012. Este volume, subdividido en catro seccións, mostra a relevancia que posúe o léxico na caracterización dunha unidade fraseolóxica dende un enfoque contrastivo cunha perspectiva fundamentalmente interlingüística. As linguas de traballo que presenta son o castelán, o galego, o italiano, o portugués de Brasil, o serbio, o grego actual, o alemán e o latín tardío.

A primeira das seccións inclúe tres traballos dedicados ao uso das expresións fixas en xéneros textuais especializados: tratados arquitectónicos e textos xurídicos. Guillermo Herráez Cubino (Universidad Karl-Franzens, Graz, Austria) partindo do corpus do *Diccionario de la Ciencia y de la Técnica del Renacimiento Español (DICTER)* céntrase no estudo das unidades fraseolóxicas que necesitan combinarse con outros signos e que equivalen a sintagmas, é dicir, compostos sintagmáticos e locucións, sobre todo adverbiais, recollidas en manuais de xeometría, construción, arquitectura e cantería dos séculos XVI e XVII. Destaca a utilidade práctica destas unidades fraseolóxicas para precisar as operacións que tiña que realizar o canteiro. Alexandra Feldekiercher Müller (Unisinós, Brasil) achégase á identificación das unidades fraseolóxicas nos textos xurídicos portugueses, de forma máis concreta, a un texto de dereito laboral, como maneira para mellorar a comprensión dos lectores. Cristiane Krause Kilian (Universidade Federal do Río Grande do Sul, Brasil) presenta os resultados parciais dun subproxecto do *Projeto Combinatórias Léxicas Especializadas da linguagem legal, normativa e científica* destinado a tradutores de textos legislativos e que ten como lingua de partida o portugués na súa variante brasileira e como linguas de chegada cinco: alemán, español, francés, inglés e italiano. A autora presenta a equivalencia portuguesa - alemá nas unidades fraseolóxicas en leis e decretos para poder establecer unha clasificación baseada en criterios funcionais e semánticos.

A segunda sección está formada polos traballos de tres investigadores relacionados pola pertenza dos fraseoloxismos estudados aos campos semánticos relativos ás nocións de lugar, tempo ou beleza. Francisco Núñez Román (Universidad de Sevilla) analiza as características morfolóxicas, funcionais e semánticas de unidades fraseolóxicas italianas atendendo á súa rexionalidade. Pretende afondar na xeofraseoloxía italiana partindo da análise de diversos dicionarios. Desde o punto de vista dos campos semánticos, advirte que, dependendo do contido que se trate, aparecerá un tipo ou outro de unidade

fraseolóxica. Así, explica que podemos diferenciar hápax fraseolóxicos, rexionalismos signícos, rexionalismos non rexionais ou rexionalismos semánticos segundo o seu contido. Destaca nas súas conclusións a relación entre diatopía e tipo de fraseoloxismo asociando ás variedades setentrionais e meridionais o uso de palabras non rexionais, mentres que asocia ao italiano central o uso preferente de hápax. O seguinte campo semántico tratado fai referencia ao tempo. É no traballo realizado por Aneta Trivic (Univerzitet u Kragujevcu), quen compara as locucións temporais que expresan relación de anterioridade, simultaneidade, posterioridade, frecuencia e rapidez dunha acción en español e serbio. A análise realízase dende dous puntos de vista: traditolóxico e semántico. A continuación, Andjelka Pejovic (Univerzitet u Kragujevcu) analiza os valores estéticos na fraseoloxía serbia e española. Reflexiona sobre o concepto de beleza transmitido, sobre todo, no ámbito paremiolóxico e os posibles cambios e contradicións que atoparíamos nunha sociedade cuns valores éticos e estéticos diferentes se se realizase un estudo diacrónico.

A sección terceira na que está dividido o volume recolle os artigos de María Montes López (Universidade de Santiago de Compostela), Sofia Cherouvim (Universidade Nacional e Kapodistriaca de Atenas) e Mariarosaria Colucciello (Università degli Studi di Salerno). A primeira delas, consciente da dificultade que supón a ensinanza de unidades fraseolóxicas nos niveis iniciais dunha lingua estranxeira, céntrase nas expresións fixas italianas e galegas que fan referencia ao mundo animal co obxectivo de presentar unha clasificación que axude a decidir que unidades deberían aparecer nunha programación de aula nun nivel inicial. Sofia Cherouvim, seguindo un criterio de clasificación semántico, establece as correspondencias entre español e grego moderno de fraseoloxismos que conteñen ou fan referencia aos lexemas somáticos *corazón* e *ojos*. Este estudo mostra a importancia que ten o compoñente corporal como base metafórica e metonímica para a construción de fraseoloxismos e a cantidade de correspondencias case exactas entre as dúas linguas, o que revela conceptualizacións lingüísticas similares. O terceiro dos traballos incluídos nesta sección realiza unha breve análise comparativa latín – castelán das paremias que chegaron aos nosos días procedentes da Vulgata, o libro bíblico editado para o pobo cun estilo non refinado e retórico. A autora destaca a importancia das formas e das ensinanzas transmitidas por seren a base da paremioloxía e da idiomaticidade romance.

A última sección está dedicada ao tratamento do patrimonio léxico. O primeiro dos traballos corresponde a María Álvarez de la Granja (Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela), quen presenta as características do proxecto *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (TLPGP) —un banco de datos que almacena o material léxico galego e portugués (nas súas variedades brasileira e portuguesa) recompilado en diferentes obras de carácter dialectal de acceso libre para os usuarios— e analiza as particularidades de tratamento das expresións pluriverbais fronte ás monoverbais. Explica os criterios de lematización das expresións complexas pola dificultade inherente a elas e as diferenzas con respecto a outras obras lexicográficas. Remata coas vantaxes que presenta o proxecto. Por unha banda, destaca a posta en valor da fraseoloxía, que adoita ter un carácter secundario nas obras lexicográficas, e por outra, a posibilidade de realizar buscas directas sen necesidade de pasar polo filtro do seus compoñentes léxicos.

Trátase, pois, dun banco de datos sobre o léxico dialectal galego, portugués e brasileiro que ofrece a posibilidade de extraer información cartográfica e que permite facer cotexos, análises e reflexións sustentados nun corpus que representa a realidade da fala galega. María Concepción Fernández López (Universidade de Santiago de Compostela) estuda a produtividade dunha estrutura elativa desde o latín tardío ao galego. Presta tamén atención á evolución que teñen os elementos comparativos hiperbólicos no galego actual, citando como exemplo a expresión “pega como a lapa”, o que demostra que se manteñen vivos os usos do latín tardío tanto no léxico como na forma expresiva. Rematan o volume Susana Termignoni e María José Bocorny Finatto (Universidade Federal do Río Grande do Sul, Brasil) cun traballo relativo aos falsos amigos fraseolóxicos en italiano e portugués na súa variante brasileira. Este traballo presenta parte das conclusións dunha investigación maior que leva por título *Bases teórico-metodológicas para un hiperdicionário on-line de expressões idiomáticas italiano-português brasileiro*. Despois de analizar varios exemplos concretos nas dúas linguas, conclúe coa necesidade de traballar nos estudos fraseolóxicos contrastivos referentes aos falsos amigos.

Este volume recompilatorio manifesta a importancia do compoñente léxico na fraseoloxía desde a súa función como elemento constitutivo na estrutura interna das unidades fraseolóxicas ata a súa dimensión formativa e conceptual nestas. Os compoñentes léxicos outorgan idiomaticidade, gramaticalidade e funcionalidade, características que permiten clasificar e analizar de diversas maneiras os fraseoloxismos. As doce reflexións presentes neste libro demostran a riqueza léxica das linguas, as relacións lingüísticas, estéticas, éticas e culturais existentes entre idiomas e as posibilidades de continuar indagando nun campo de estudo que dista moito de estar pechado.

Vanessa Fernández Pampín
Universidade de Santiago de Compostela
Vaneferpa_5@hotmail.com

SULKOWSKA, M. (2013): *De la phraséologie à la phraséodidactique. Études théoriques et pratiques*. Katowice: Wydawnictwo Uniwersytetu Śląskiego; 325 páxs.

A publicación da obra de Monika Sulkowska (2013) marca un fito no eido da didáctica da Fraseoloxía teórica por ser a primeira monografía en lingua francesa centrada na Fraseodidáctica e que emprega este termo desde mesmo o seu título: *De la phraséologie à la phraséodidactique. Études théoriques et pratiques*. Isto é destacable vista a pouca penetración desta denominación, a *Fraseodidáctica*, nos estudos fraseolóxicos franceses desde a súa creación en Alemaña polos anos 80. Efectivamente xa é ben sabido que o termo foi acuñado por Peter Khün en 1987, e a súa difusión percorreu primeiro os traballos fraseolóxicos xermanos, pasando logo ao galego grazas ao artigo que Stefan Ettinger publicou en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* en 2008. Pouco a pouco foise estendendo polo castelán e agora polo francés. Aínda así, é de subliñar a procedencia da obra de Mónica Sulkowska, publicada en Polonia, xa que con isto se confirma que

son antes os docentes estranxeiros de francés lingua estranxeira os que se interesan polo ensino desta parte da Fraseoloxía francesa, no seu status de disciplina plena, ca os mesmos francófonos.



A relevancia deste volume estriba no seu contido, que abarca a constitución da Fraseoloxía como disciplina lingüística a través dun fenómeno en particular, a fixación, e se centra na emerxencia da Fraseodidáctica como eido aplicado desta; recolle así mesmo os traballos prácticos realizados en Fraseodidáctica do francés como lingua estranxeira, e en particular os experimentos que efectuou a autora cun grupo de alumnos polacos.

Internándonos na estrutura da obra, esta divídese en setes grandes capítulos: un primeiro en referencia á fixación, a súa definición e incidencia na formación das expresións fixas; un segundo centrado na natureza semántica e sintáctica deste fenómeno lingüístico; un terceiro adicado á percepción e comprensión das expresións fixas; un cuarto en volta do tratamento

da fixación na didáctica das linguas estranxeiras; un quinto focalizado na noción de competencia fraseolóxica en linguas estranxeiras; un sexto relacionado coa tipicidade e estruturas prototípicas en Fraseoloxía e o seu papel na Fraseodidáctica; e un sétimo onde se relacionan as ferramentas, os métodos, as técnicas e as suxestións fraseodidácticas. Como di a autora, estes sete capítulos “illustrent successivement le passage de la phraséologie théorique aux problèmes pratiques de la phraséodidactique” (2013, p. 10).

Nos dous primeiros capítulos, a autora presenta a terminoloxía relativa ás distintas maneiras de referirse ás expresións fixas e as diferentes clasificacións que os estudos fraseolóxicos propuxeron ao longo da historia da constitución da Fraseoloxía como disciplina lingüística. A característica máis salientable desta rama científica é, segundo a autora, a fixación xa que abre o capítulo subliñando a importancia deste fenómeno na composición e funcionamento das linguas a todos os niveis (fonético, prosódico, morfolóxico, sintáctico, e semántico, páx. 12) e o pecha facendo un percorrido pola historia dos estudos que se interesaron por esta propiedade tan especial das expresións fraseolóxicas. A xustificación que achega para elixir este trazo por enriba dos demais é a seguinte (2013, páx. 31):

*“[...], **figement** est le terme qui semble s'imposer davantage pour dénommer le phénomène qui renvoie à la double caractéristique des séquences syntagmatiques syntaxiquement solidaires et d'un sémantisme global. Il présente, par rapport aux autres termes, l'avantage de ne désigner aucun type de séquence en particulier et de focaliser sur la caractéristique fondamentale du processus”.*

En efecto, supedita todos os demais trazos das unidades fraseolóxicas (UP) a este fenómeno lingüístico, que supón para ela o punto de arranque da Fraseoloxía, baseando a orixe desta disciplina na dicotomía combinatoria libre da lingua vs. combinatoria fixa da lingua. As demais características das UP, a pluriverbalidade no eido sintáctico e a idiomaticidade no eido semántico, forman parte, segundo o seu punto de vista, dos mecanismos naturais da fixación. Incluso a fixación sería o resultado do uso de elementos trópicos e socioculturais.

Certo é que a descrición que fai a autora, por unha banda, do aspecto sintáctico da fixación se basea en estudos lingüísticos enmarcados sobre todo na corrente lingüística francesa do léxico-gramática de Maurice Gross e Gastón Gross, e por outra banda, a do seu aspecto semántico nos traballos de Salah Mejri. A particularidade da elección destes referentes da lingüística francesa consiste no feito de que consideran as UP como elementos léxicos, o que vén situar a Fraseoloxía no eido da Lexicoloxía. Nesta tradición francesa inscríbese a propia autora, que define a Fraseoloxía como unha rama da Lingüística e da Lexicoloxía que analiza as expresións fixas (páx. 9), que tamén define como grupos de palabras lexicalizadas (páx. 17) que se formaron como resultado da fixación léxica.

Aínda así, malia esta posición a favor do tratamento das UP como unha cuestión de vocabulario, reconece máis adiante (páx. 119) que poden estar situadas entre o léxico e a sintaxe:

“[...] les expressions figées constituent un niveau à mi-chemin entre le lexique et la grammaire. De ce fait, elles n'appartiennent à proprement parler, ni à l'un ni à l'autre, mais sont au contraire le produit d'une fusion d'éléments constitutifs, de nature lexicale, syntaxique et sémantique, qui demandent une attention particulière”.

Deste xeito, reconciliase, por unha banda, coas diferentes clasificacións que ela mesma achega dos distintos especialistas que contribuíron a constituír a Fraseoloxía desde os seus inicios como disciplina autónoma, e que demostran que os límites destas UP seguen a ser moi variables (desde o termo simple en forma de enunciado fixo ata a frase completa, e mesmo o texto). Por outra banda, este dobre valor das UP, léxico e sintáctico, permítelle elaborar a súa propia proposta didáctica da Fraseoloxía nos seguintes capítulos, baseada precisamente na adquisición dunha competencia que ten en conta conxuntamente todos os aspectos da lingua.

Así, os capítulos dous e o tres están enfocados cara á fixación das UP desde dous eidos específicos da lingüística aplicada: a adquisición de linguas maternas e a didáctica de linguas estranxeiras. No primeiro destes dous eidos, a autora presenta os diferentes estudos realizados pola psicolingüística onde se analizan os mecanismos de percepción e comprensión do compoñente semántico das unidades fraseolóxicas, sobre todo das unidades figuradas con sentido idiomático. Pasa revista ás distintas concepcións segundo estean baseadas na interpretación literal das unidades (os modelos composiciónais) ou no acceso directo ao sentido figurado (os modelos non composiciónais). No capítulo seguinte trata a didáctica da Fraseoloxía, ou Fraseodidáctica, no marco do ensino das

linguas estranxeiras e da tradución. Nel apunta os obxectivos desta rama aplicada da Fraseoloxía e as etapas da súa constitución a través das diferentes correntes lingüísticas e enfoques en materia de ensino das linguas estranxeiras, e analiza as dificultades que representan as UP tanto para os alumnos como para os tradutores. Conclúe este capítulo cun repaso ás distintas técnicas propostas polos estudosos para a didáctica e a tradución da fixación, e mesmo do seu contrario, a delexicalización.

Nos tres seguintes capítulos, a autora desenvolve a súa propia proposta fraseodidáctica. Así, o capítulo cinco representa a parte principal deste volume polas achegas persoais da autora á Fraseoloxía e a Fraseodidáctica. En efecto, nel expón, por unha banda, as diferentes competencias que conforman a competencia global fraseolóxica e por outra, presenta un par de experimentos que levou a cabo con alumnos universitarios poloneses aprendices de francés como lingua estranxeira. No relativo á competencia fraseolóxica ofrece un conxunto de competencias organizadas en dúas partes: por unha banda, unha serie de subcompetencias referidas ao compoñente lingüístico das UP, divididas en subcompetencias fonética e prosódica, léxica, sintáctica e semántica; e por outra, un grupo de competencias referidas ao compoñente intercultural, sociolingüístico e pragmático das UP. Esta proposta xustifícase na condición plural das UP, como indica a autora (páxs. 150-151):

“Les unités phraséologiques, en tant que structures placées à mi-chemin entre la combinatoire lexicale et la fixité syntaxique, exigent plus de compétences lexicales et collocatives par rapport aux unités lexicales simples ; et plus de compétences syntaxiques par rapport à des syntagmes libres”.

Malia este recoñecemento, a autora sitúa a didáctica das UP dentro do apartado do ensino do vocabulario (páx. 157), como se pode comprobar ademais nos dous experimentos que levou a cabo de forma separada no tempo con grupos de aprendices de francés da Universidade de Silesia. O primeiro experimento foi realizado durante os cursos 2003/2004, 2004/2005 con 80 alumnos coa finalidade de diagnosticar o grao de dificultade que pode supoñerlles a aprendizaxe das UP tanto no manexo da fraseoloxía en lingua estranxeira como materna. Con este propósito a autora elaborou una listaxe de expresións de tipo idiomático (somático e zoomórfico) que lles foi entregada para que realizasen tarefas de tipo léxico (definir, completar, traducir). O segundo experimento realizouse durante os anos 2007/2008, 2008/2009, 2009/2010 con 175 alumnos para establecer o nivel de competencia fraseolóxica dos estudantes en francés como lingua estranxeira de nivel avanzado. Deste experimento a autora dá conta cunha análise pormenorizada cuantitativa e cualitativa dos resultados, así como cun exame dos erros cometidos. A partir das UP de tipo verbal, extraídas do corpus empregado neste segundo experimento, a autora determina que expresión lles resulta máis difícil aos alumnos aprender, cal acepta máis transformacións sintácticas e polo tanto cal pode ser máis fixa, atribuíndo a cada unha un valor específico (1, 2 ou 3). Esta proposta de atribución de valores xustifícaa apelando á súa utilidade na confección de exercicios didácticos máis apropiados para desenvolver a competencia fraseolóxica activa dos alumnos, como afirma na páx. 195.

“La phraséodidactique devrait prendre en considération le phénomène des degrés de figement. Les opérations syntaxiques qu’on peut appliquer au matériau phraséologique pourraient nous incliner à proposer de tels exercices lors des processus didactiques. Elles permettent de développer des compétences productives en phraséologie, surtout pour l’emploi des phraséologismes en contexte linguistique et situationnel”.

En canto aos dous últimos capítulos, a autora trata no seis unha problemática recente dentro dos estudos fraseolóxicos, a tipicidade e as estruturas prototípicas ao nivel da fixación léxica, e a súa importancia para a Fraseodidáctica. A partir dunhas enquisas levadas a cabo pola autora nos cursos 2006-07/2007-08/2008-09 con 150 alumnos da Universidade de Silesia para sondar os coñecementos que podían ter sobre a fraseoloxía da súa propia lingua, desprendeuse que os trazos típicos das UP son o seu carácter estable e fixo, a súa unicidade semántica e a forte ligazón á cultura e á lingua ás que pertencen. Deste xeito, salientase que a fixación resulta ser a característica que prima sobre as demais. En canto ás estruturas prototípicas, os resultados variaron segundo as preguntas das enquisas (15 en total), indicando ás veces que eran as locucións verbais, outras as nominais e outras máis as adxectivas de tipo comparativo (páx. 207). Aínda así, para a didáctica da fixación estes datos permítenlle á autora deducir que de primeiras é importante empezar polo ensino das expresións en lingua materna do campo onomasiolóxico ligado aos campos léxicos do home et da súa contorna; logo cos relacionados co seu carácter e o seu modo de traballar. No relativo á forma, as expresións prototípicas máis axeitadas para ensinar de primeiras son as adxectivas comparativas ou as verbais seguidas tamén de comparación. Logo importa promover as equivalencias en lingua estranxeira, fomentar o uso cotián para favorecer a memorización e apoiarse na forza das imaxes e no dobre sentido das expresións para elaborar exercicios apropiados.

No derradeiro capítulo, o sete, a autora presenta as ferramentas, métodos e técnicas que permiten desenvolver as competencias fraseolóxicas produtivas facendo un repaso ás propostas xa elaboradas por diferentes especialistas en Fraseodidáctica. Baseándose nos tipos de exercicios creados por R. Galisson (1984, *Les expressions imagées*), a autora levou a cabo un cuarto experimento nos cursos 2009/2010, 2010/2011 para comprobar o grao de eficiencia dunha serie de exercicios fraseodidácticos sobre un grupo de 92 alumnos de instituto, aprendices de francés lingua estranxeira. Adicou o primeiro ano a familiarizalos coas expresións fixas e cos seus trazos e logo aplicou un conxunto de 120 expresións francesas de tipo zoomórfico nunha serie de 13 clases de exercicios compostas de 3 exercicios cada unha (39 exercicios en total), durante 6 sesións de 45 minutos. Os resultados demostraron que os exercicios máis eficaces son os que están relacionados con documentos auténticos, que son de deducir, de debuxar e de contextualizar, e os menos os que son de modificar, de completar e de traducir.

Ao remate desta obra, as conclusións que extrae a autora (páx. 248) inciden na importancia de propiciar a didáctica da fraseoloxía nas linguas estranxeiras e a súa tradución por seren as competencias fraseolóxicas produtivas as máis lentas de adquirir con respecto ás demais competencias lingüísticas e as máis necesarias para conseguir una comunicación eficaz.

“L’acquisition et le développement des compétences phraséologiques en langues étrangères est un processus vaste et multiaspectuel. Il exige la connaissance de la nature complexe du figement et leur traitement spécialisé. La non-compréhension du langage idiomatique de l’interlocuteur peut provoquer la perturbation du processus de communication. C’est pourquoi chaque apprenant d’une langue étrangère devrait tenter d’avoir une bonne connaissance réceptive en phraséologie parce que celle-ci joue un rôle primordial dans la communication verbale”.

O volume complétase cunha serie de anexos que corresponden aos formularios das enquisas aplicadas nos catro experimentos levados a cabo, así como aos programas de estudos dos alumnos na Universidade de Silesia nos cursos aos que corresponden os experimentos. Complementábase cunha bibliografía extensa que recolle os principais traballos de especialistas fraseólogos de todas as linguas (eslavistas, europeos occidentais e americanos), o que demostra o amplo coñecemento que ten a autora do campo fraseolóxico e fraseodidáctico. A súa capacidade de síntese queda patente na elaboración de esquemas e cadros, que son un testemuño do seu esforzo pedagóxico por explicar todo o exposto.

En conclusión, podemos asegurar que estamos ante una obra froito dun traballo rigoroso feito ao longo de moitos anos de estudo e de experimentacións. A súa credibilidade nace dese rigor, dunha metodoloxía empírica realizada cun sistema de diagnose que permite corroborar a importancia de ensinar esa parte fundamental das linguas que é a súa fraseoloxía. Con ela a Fraseodidáctica gaña un referente ineludible que vai contribuír a apuntalala no seu recente status de disciplina aplicada ás linguas estranxeiras.

María Isabel González Rey
Universidade de Santiago de Compostela

VAL VAL, Xosé. Cura de Vilar de Ortelle (2012): *Dixoo ou predicouno? Ditos populares*. Lugo: Edición de Xosé Val, Cura de Vilar de Ortelle; 447 páxs. DL. PO 597-2012.

O pasado 29.9.2014 faleceu Xosé Val Val, sacerdote rural con longa dedicación á observación e anotación da fraseoloxía e paremioloxía dos seus fregueses de Vilar de Ortelle (Pantón) na provincia de Lugo³. Cóntame que para el a dedicación fraseográfica non era un pasatempo senón unha forma de dinamiza-la mocidade da súa parroquia (que colaborou na recolleita baixo o nome colectivo *Os Estraloxos*, palabra que significa

³ O 1.9.2008 emitíuse na TVG o capítulo 31 do *Ben falado!* e nel tiven o honor de presentar a Xosé Val e a Pilar Guerra, dous galegos da provincia de Lugo que levan salvado moito patrimonio fraseolóxico galego. Se o traballo de Pilar Guerra viu a luz en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 12,2010, 289-315, o de Xosé Val vea no libro que comentamos, aínda que no 2003 xa publicara coa Asociación Xuvenil “Os Estraloxos” o libro *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra* (Pantón: Concello de Pantón; 509 páxs), que tería unha segunda edición en 2005 (832 páxs). Se para o libro anterior conseguíu algunhas axudas do Concello de Pantón, da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia, para este libro que comento (*Dixoo ou predicouno? Ditos populares*) non lle foi posible e a edición pagouna o autor coa axuda de Anxo Vega González, outro sacerdote entusiasta de Ferreira de Pantón.

“rapaces trastes e inquietos” p. 437) e tamén os vellos, que son portadores de saberes e de valores humanos sobranceiros (que eles moitas veces nin saben que transportan). Anotando os primores da súa fala, aumentáballe-la autoestima e facíao participar activamente na recuperación da cultura propia de Galicia.

O libro que comento é o que na sección de NOVAS desta revista se chama *fraseografía espontánea* (5). Non sempre se axeita á rigorosa disciplina fraseográfica e paremiográfica actual: iso impediulle ve-la luz onde lle correspondía e tivo que saír como edición de autor (e doutro compañeiro sacerdote, Anxo Vega González). Pero supera coa súa riqueza de materiais boa parte do que conseguimos editar.

1. A recadádiva fraseolóxica e paremiolóxica de Xosé Val en cifras



Xosé Val Val ofrece neste libro unha importante colleita: 4.158 colocacións ou locucións (con algún composto sintagmático polo medio) que corresponden ás páxs. 17-327; 1031 fórmulas (páxs. 335-408); 372 refráns (páxs. 409-434). No remate aparecen aínda 95 unidades que debeu de recoller na última da hora (páxs. 443-447). Como apéndice a este material fraseolóxico ou paremiolóxico ofrece 108 palabras que ou ben teñen en Vilar de Ortelle un significado peculiar ou que son de uso exclusivo alí (páxs. 435-442); e a estas palabras hai que engadir 89 palabras, locucións ou fórmulas que conteñen a palabra *carallo* (ou derivados) que pola súa produtividade en galego forman unha sección específica (páxs. 329-334).

Aínda deixando de parte as unidades léxicas, Xosé Val extrae da fugacidade oral e introduce na intemporalidade do papel escrito 5.189 fraseoloxismos e 372 paremias; velaí unha colleita de alto valor cultural, froito dunha vida de contacto diario con falantes de especial riqueza fraseolóxica.

2. A fraseoloxía é memoria (motivación), polisemia, sinonimia, crenzas compartidas e vontade de estilo

Non vou reiterar aquí o que queda escrito con certo detalle no prólogo que Xosé Val tivo a amabilidade de me pedir. Pero si debo resaltar que esta fraseografía espontánea está pensada fundamentalmente para os falantes e non para os eruditos e, por esa razón, Xosé Val coa súa maneira de definir, espontánea pero suficiente, recolle innumerables casos de **polisemia fraseolóxica**. Só citarei un:

Andar á viceira. Cando noutros tempos todo o mundo tiña ovellas, para non perde-lo día gardando dez ou quince que viña tendo cada un, xuntábanse todas no medio do pobo e cada día gardábaas un veciño, ó que se lle dicía “a viceira”. Tamén se lle aplica á moza que é un pouco lixeira.

Nesta fórmula, e tamén na locución anterior, Xosé Val capta que un mesmo fraseoloxismo pode ter dúas acepcións, algo así como unha ferramenta de dobre función: *andar á viceira* ten dous significados diferentes. Se a nosa linguaxe de comunicación por palabras resulta case un milagre comparada ás máis complexas formas de comunicación que podemos percibir en baleas, elefantes, abellas ou arañas, a polisemia multiplica a nosa capacidade comunicativa, converténdose nun milagre suplementario. Contabilicei 729 casos de polisemia neste libro.

Do mesmo xeito na recadádiva fraseolóxica non lle escapan a Xosé Val os casos de **sinonimia** e, sempre que procede, a carón dun lema, inclúe sinónimos precedidos do signo >:

¡Xúrocho por estas!

Unha forma de xuramento, ó igual ca
> *xúroo pola alma dos meus defuntiños*
xúrocho por meu pai

Como se ve, o maxistral dominio que Xosé Val Val ten da fraseoloxía galega permítelle en numerosas ocasións ofrecer sinónimos, co que a recadádiva xa se converte en embrión de dicionario para o uso activo, porque contabilicei 920 casos de sinonimia, que por veces se concentra nunha mesma entrada:

a millaradas. Para comunicar que do que falamos hai en abundancia. Tamén *a barullo / a carros / a dar cun pao / a embute / a esgalla / a fartar / a mansalva / a manta / a maus cheas / a mogollón / a montón / a puntapala / a puñados / a puños / a rodo / a tutiplén / ás moreas*

Outra das riquezas deste colector espontáneo é que, en moitos casos, consigna a **motivación** do fraseoloxismo, porque percibe que, cando mudan os costumes ou as cousas que sustentan un fraseoloxismo, esa motivación escurécese e o fraseoloxismo vai camiño de converterse nun signo lingüístico arbitrario. Neses casos a definición é iluminadora:

¡Átaa no dedo! Consello que se dá a un con certa sorna para que non se esqueza de algo importante que ten que realizar. Antes era costume atar unha baraza no dedo para recordarse da encarga que lle facían.

A explicación non é superflua: un estudante actual, nacido na cidade e afeito a programar alarmas no seu teléfono móbil, que lle lembren no día e no momento oportuno todo o que ten que lembrar, nunca sabería explica-la motivación desta fórmula *¡Átaa no dedo!* Pero os que hoxe temos setenta anos fixémoslo máis dunha vez. Xosé Val anota aquí a motivación do dito, que posiblemente se extinga coa nosa xeración substituído por un *¡Grávao!* E, se tal acontece, esta nota neste libro igual acaba sendo a última documentación desta práctica, anterior á aparición da electrónica de uso persoal. Podemos encontrar neste libro moitos máis fraseoloxismos dos que o colector consigna a motivación: por exemplo en *está pra chuparse os dedos; está pra gardarlle as pitas ó cura; nacer cun pan debaixo do brazo; nacer de pé. ser un raigaña ¡Será o que tase o xastre!* e moitas semellantes.

Xosé Val anota numerosas **innovacións semánticas** que se están a producir na fraseoloxía neste inicio do século XXI por evolución do significante e por evolución do significado. Un bo exemplo é esta entrada:

ter cobertura. Antes dicíase do que tiña suficiente diñeiro para resolver un problema, montar unha empresa ou adquirir algo que intenta con ansiedade. Agora aplícase ós teléfonos móbiles.

Xosé Val tamén explicita que por veces frasemas e paremias apoian o seu contido en **crenzas latentes**

capar [a un] o cuco. Antes pensábase que era un caso de mala sorte cando un oía o canto do cuco por primeira vez estando en xaxún.

Esta motivación está explicitada en moitos outros casos, coma *ter o mal de ollo*. *O que escoita o cuco en *aúnas, leva albarda pró ano. Xaula feita, *páxaro morto*; e só os falantes nativos están en condicións de captar tódalas alusións implícitas. Na fraseoloxía están as intimididades dun pobo. Por iso, cando aprendemos un idioma estranxeiro, a fraseoloxía é un sancta sanctorum no que sempre somos novatos. Por iso a fraseoloxía é a cruz de tódolos tradutores. Por iso os foráneos ou os máis pequenos precisan que un entendido lles explique a motivación dun dito. E Xosé Val faino nos casos necesarios.

3. Esta escolma é galego vivo nos camiños de Lugo no século XXI

Un pobo no que se felicita os novos casados dicindo *Deus queira que vos levedes coma o cimón e o lacón* é por forza o pobo galego de Lugo, non só por aludir a un prato típico galego do interior (lacón con grelos) senón por chamarlle *cimo* ou *cimón* ó *grelo*. O material que contén este libro non está sacado doutros libros; non é material de segunda man. Todo isto vén directamente dos camiños, procede da vida, das longas horas de conversa coa xente. Da xente común. Mesmo da xente sen libros. Tamén, obviamente, da propia autoconciencia de falante do colector Xosé Val, que lle permite detectar posibilidades sorprendentes, coma a ironía.

4. A fraseoloxía, nivel superior da lingua, reside no pobo

Temos, polo tanto, aquí tres elementos. Primeiro un repertorio fraseolóxico ben localizado no tempo (2012) e no espazo (Vilar de Ortelle, Pantón, provincia de Lugo): o seu valor é importante para a lingua galega e para a fraseoloxía en xeral. Segundo, é no uso real onde este tesouro multiplica ese valor expresivo en proporción á distancia entre a situación da metáfora e a situación do uso; e neste libro apúntase a iso en non poucos casos. O terceiro elemento é outra verdade non sempre explicitada nos estudos fraseolóxicos e consiste en que a destreza e mesmo a creatividade fraseolóxica nada teñen que ver co nivel económico ou académico do falante: moitas veces a riqueza do fraseoloxismo e a oportunidade con que se trae a conto é maior na xente máis afastada dos libros. Os libros tenden a facernos xente de fala abstracta e plana. A rúa e o traballo na natureza tenden, en cambio, a facernos de fala concreta e ondulada; chea de imaxes de plantas, de animais, de sitios; chea de colorido. A lingua científica só xoga coa gama de grises. A lingua do labrego e do mariñeiro ten toda a gama de cores e ten unha arquitectura chea de imaxes. A fraseoloxía é a policromía da lingua. Cando un médico nos avisa

con palabras abstractas do perigosos que son os excesos e sobre todo os desequilibrios na comida, o refrán de Pantón dío de maneira máis sintomática: *Dar gusto ó dente trae o laiar da xente*. A fraseoloxía é o nivel máis repenicado da técnica comunicativa. Por iso, non só é, como xa dixen, a cruz dos tradutores senón que, ata onde sabemos hoxe, é no pobo rural e mariñeiro onde tódalas linguas do mundo teñen a súa despensa fraseolóxica. Unha lingua, calquera lingua, por pobre que sexa o pobo que a fala, é un prodixio admirable de técnica comunicativa. A fraseoloxía revela que é no proletariado onde están as Academias reais de cada lingua.

É certo que os especialistas que se acheguen a esta escolma fraseolóxica de 447 páxinas encontrarán aquí e alí lemas e definicións que non seguen os estándares hoxe establecidos e que poderían mellorarse, para que algunhas definicións, que sempre son certas, precisas e suficientes, correspondesen con maior simetría ó definido. Son detallíños que teñen a súa importancia e nos que bate sempre a fina mirada científica, que a todo lle fai a disección. Podo dar fe de que Xosé Val sabía que non tiña a formación taxonómica e fraseográfica dun especialista pero tamén de que fixo sucesivos esforzos por axeitarse a eses estándares.

Pero é de xustiza recoñecer que a inmensa maioría das entradas están correctamente lematizadas, definidas e, en moitos casos, enriquecidas con exemplos e sinónimos; que este fraseógrafo autodidacta tiña capacidades que valen moito máis: o instinto de detectalo que está fixado no uso, o que ten semántica figurada, o que ten intención estética, irónica ou humorística; tiña tamén a proximidade á fonte verdadeira da lingua, que é a xente común do mundo rural que non usa os atallos do falar abstracto urbano senón as reviravoltas do falar florido rural; e tamén tiña a actitude de admiración a esa xente humilde portadora de saberes que o mundo moderno, esencialmente urbano e fabril, descoñece e minusvalora pero da que, debidamente disfrazado, lle chega á boca todo canto come e bebe.

Este libro, que algún día citarán os investigadores, non é un cadáver fraseolóxico xa esmiuzado en pezas inertes. Non. É o caderno de notas dun informante de primeira man que anota a fraseoloxía dende dentro: moitas veces a fraseoloxía que el mesmo sorprende na súa propia boca. En certa medida este libro é a autoconciencia fraseolóxica dun falante rural galego do 2012. Non hai aquí frases arcaicas que xa ninguén diga. Non hai aquí citas eruditas. Non hai plumas alleas. Aquí hai a fraseoloxía viva dunha parte da Galicia central, dun falante rural galego do 2012. Todo isto é o latexo palpitante da nosa lingua, tal e como a usan hoxe os galegos de Vilar de Ortelle no concello de Pantón. Todo isto está en uso; é a lingua da rúa e dos camiños, libre aínda do corsé normativo. En certa medida é froita ecolóxica, de intenso sabor e pureza, aínda que teña peor aspecto cá froita estandarizada e vernizada, pero desaborida ou con sabor a sulfato, que encontramos nos supermercados con tódolos cuños comerciais.

Neste libro hai proximidade ás fontes da fraseoloxía; hai horas sen límite que ningunha empresa ou institución pagou; hai a extrema xenerosidade da autoedición. Son as características de todo o sector primario da economía. Xosé Val Val é un deses sacerdotes

rurais, que, coma noutras culturas europeas, foron os primeiros en recoller, describir e promove-la propia lingua: penso na obra inmensa e xenial do P. Sarmiento (séc. XVIII) e en Sobreira, Pardo de Andrade, Saco e Arce no XIX e Vázquez Saco, Rielo Carballo, Nicandro Ares, Chao Rego, Xosé López, Xosé Mato, Xosé Manuel Carballo no XX. A obra de Xosé Val non recibiu apoio académico pero dela seguramente sacará proveito o mundo académico.

Xesús Ferro Ruibal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela

VIEJO FERNÁNDEZ, Xulio (2012): *Parecias populares asturianas (Estudio, clasificación y glosa)*. Centro Virtual Cervantes: Instituto Cervantes; 578 páxs.



Parecias populares asturianas é o número 4 da serie “Monografías” da *Biblioteca Fraseolóxica y Paremiolóxica* do Centro Virtual Cervantes.

Este estudo xorde a raíz do Proxecto de Investigación de Corpus Lingüístico *Eslema* da Universidade de Oviedo e da súa liña complementaria orientada á elaboración dun tradutor automático asturiano.

O autor baséase no corpus paremiolóxico asturiano de referencia: por unha banda, o traballo de Luciano Castañón –ao que lle reconece especialmente o esforzo de recompilación desde o XVIII; por outra banda, o de Xuan Xosé Sánchez Vicente e Xesús Cañedo Valle, que normalizaron o repertorio herdado de Castañón e aplicáronlle unha clasificación coherente segundo palabras do estudoso.

Xulio Viejo Fernández fai unha preselección deste material e refúndeo cunha colleita propia de parecias co obxectivo de construír un punto de referencia digno para, nun futuro, crear un programa investigador específico sobre a paremioloxía. Así, fai fincapé no carácter provisorio do traballo e suxire cuestións que haberá que resolver, como o manexo das fontes documentais bibliográficas –que poden conter deturpacións (por “castelanizacións diglósicas” ou por “normativismos reasturianizantes”)–, a conveniencia dunha fonda análise crítica desde a filoloxía e a antropoloxía ou a necesidade dunha formulación teórica clara, que defina métodos e obxectivos.

Consegue dar a visión global da tradición paremiolóxica asturiana que pretende. A introdución ten aquí un papel relevante, pois familiarízanos coa historia da recompilación e da edición paremiográfica asturiana e, mediante a sociolingüística, explica a idiosincrasia da cultura tradicional nestas latitudes.

Quen se mergulle na obra atopará, tras a dita introdución, o corpus de refráns: 3619 entradas con refráns locais expresados en asturiano. Ao lado de cada refrán, dá a súa tradución literal en castelán. A continuación, a glosa aclara a interpretación do refrán cando é pouco intuitivo ou dá o significado dalgunha palabra concreta. De seguido achega variantes ou versións de sentido equivalente cando as hai –e, aínda que descarta por principio as parecias que non estean en asturiano, ás veces, para ilustrar algún aspecto temático concreto, pode incluír algunha variante en castelán ou no galego da Asturias occidental. Vexamos un exemplo:

446. Pola Ascensión, tres días sí, tres días non, y tres días de rogación (LG) [*Por la Ascensión, tres días sí, tres días no, y tres días de rogación*].

“El refrán se refiere al consumo de carne durante esta celebración, a la luz de la versión gallego-asturiana recogida (infra). “

OTRAS VARIANTES O VERSIONES DE SENTIDO EQUIVALENTE: Na semana d’Ascensión, tres días carne e tres días non, e tres días de rogación

O corpus de refráns está ordenado en cinco bloques: temporal, meteorolóxico, dialogados, morais e outros refráns.

Dentro do refraneiro temporal (820 refráns), unha pequena entrada explicativa introduce cada mes e, a seguir, veñen as entradas cos refráns; cada mes pecha cos referidos ao seu santoral. Así, febreiro, marzo e maio son os que máis refráns xuntan; outubro é o que conta con menos refraneiro. Xullo e novembro teñen, sobre todo, refráns do santoral e non tanto os propios do mes; acontece algo similar con xuño e setembro.

Mentres, por unha banda, clasificaba os referidos aos meses, pola outra, inclúe outros modelos de referenciación temporal:

820. *Val más año tardíu que vacíu [Vale más año tardío que vacío]. Siempre vale más algo, aunque escaso o de menor calidad, que nada.*

Un exemplo do bloque meteorolóxico é:

1019. *Xeladas altas, nevadas fondas [Heladas altas, nevadas profundas]. Si hiela en las zonas altas, se anuncia nieve para los valles y zonas más bajas.*

Un exemplo de refrán dialogado:

1154. —¿Qué comes, sapu? —Tierra. Díztelo la teyera [—¿Qué comes, sapo? — Tierra. Te lo dice la tejera].

“El sentido es ambiguo. La teyera es el horno tradicional donde se fabricaban y cocían las tejas de un pueblo, con la arcilla de vetas próximas, visibles cuando la tierra que la tapaba ha sido comida (comer, escomer, puede tener el sentido de ‘socavar una superficie’. La suposición absurda de que esa tierra la hayan comido los sapos sugiere que las cosas no son siempre lo que parecen, ni la explicación común la más correcta. Por el contrario, es obvio que la veta de

arcilla ha sido excavada con el trabajo humano y ese trabajo debe ser valorado, pues los bienes que se disfrutan no vienen de la nada.”

OTRAS VARIANTES O VERSIONES DE SENTIDO EQUIVALENTE: Según a terra, é o sapo (gallego-asturiano).

A sección de refráns morais é a máis voluminosa (1911). Velaquí un par de exemplos:

1214. *A baxamar, too apaez [A bajamar, todo aparece].*

3125. *Zapica que nun ta llena, nun merez la pena (RefCan) [Jarra que no está llena, no merece la pena].*

Case 500 fican no apartado de outros refráns:

3545. *Si quies ver la muyer morta, da-y zamborca (CSV) [Si quieres ver a la mujer muerta, dale alosa].*

La alosa es un pescado de mala calidad, que normalmente no se comía e incluso se consideraba que tenía consecuencias fatales para aquelas mulleres que lo hiciesen durante la menstruación. Aunque Cañedo y Sánchez Vicente sugieren que el refrán está en asturiano occidental, parece máis ben una paremia procedente del gallego-asturiano.

3619. *Yo casar bien me casaría, si nun fuera lo que temo: andar con una filoxa al llombu entrugando si hai centenu [Yo casar bien me casaría, si no fuera lo que temo: andar con un cesto a la espalda preguntando si hay centeno].*

En ocasións, inclúese o mesmo refrán en dous apartados diferentes por conexións semánticas. Así:

Temporal e moral:

644. / 1607. *Cuando s'acaba'l San Martín, nin chourizo, nin toucín (asturiano occidental, CRA) [Cuando se acaba el San Martín, ni chorizo, ni tocino].* En un sentido genérico, conviene ser previsores.

Ilustran a monografía 25 imaxes fornecidas polo autor: *sidros* de Aninovo, o monte Aramo entre o lusco e fusco, vacas, cabalos, colmeas, un camiño empedrado, o mazo hidráulico dunha ferrería, pisóns, a presa dun muíño, casas tradicionais de diferentes puntos xeográficos, hórreos, unha corte, un pazo, unha portela, un castiñeiro...

O apartado bibliográfico dá conta de numerosas referencias que son de obrigada consulta para as persoas interesadas en seguir afondando no tema. Para rematar, o volume achega un anexo onde Patricia Fernández Martín e Rafael Negrete Portillo nos ofrecen un glosario por orde alfabética coas correspondencias asturiano-castelán das parecias recollidas no libro.

A importancia desta obra radica na seriedade científica coa que foi realizada e no propósito de ser un punto de partida sólido para unha investigación seria e planificada que non dependa simplemente da actividade voluntarista de persoas ben intencionadas carentes

moitas veces dun método rigoroso de traballo. Tamén é unha revisión crítica do corpus paremiolóxico asturiano precedente e propón novas vías de investigación.

De aí que este ben poida ser o “traballo de máis alento libre de prexuízos puristas” do que falabamos en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14 a propósito da recensión do *Refraneru temáticu asturianu* de Martino Ruz de 2008.

Tendo en conta que o autor manifestou que se centraba unicamente nas parecias en asturiano, poderíase pensar en facer un estudo semellante coas parecias no galego do occidente asturiano, que moitos chaman gallego-asturiano, das que existen recolleitas principalmente a nivel local ou diseminadas en traballos máis amplos que tratan doutros asuntos (como investigacións etnográficas ou dicionarios).

Xacinta Varela Martínez
Licenciada en Filoloxía Galega pola USC

